

3.2.

sector primario e industrias relacionadas

ESTE CAPÍTULO DEDÍCASE ó estudio do sector primario considerado no seu conxunto, así como á análise das actividades agrupadas baixo o epígrafe de sector primario e industrias relacionadas, que englobaría ós subsectores agro-gandeiros, mar-industria e silvicultura-madeira.

O estudio do sector primario partirá da información facilitada pola EPA, os Presupostos Xerais da Xunta, o *Anuario de Estadística Agraria 2000* da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e mailo Ardán.

A importancia do sector primario para Galicia dedúcese do **cadro C.1.3.** (*VEB a prezos básicos das CC.AA. 2001: distribución segundo ramas de actividade*), onde se aprecia que, segundo os datos da *Contabilidad Regional* do INE, o sector primario representa o 6,8% do VEB a prezos básicos de Galicia. Como se pode apreciar, esta por-

centaxe é bastante superior á media estatal (4,3%), sendo a sétima comunidade co maior peso deste sector nas súas respectivas economías, por detrás de Andalucía, Castela-A Mancha, Castela-León, Extremadura, Murcia e A Rioxa.

A poboación ocupada no sector primario representou no ano 2001 o 15,7% da poboación ocupada galega (155,2 miles de persoas) fronte ó 18% (177,1 miles de ocupados) do ano anterior. Como se pode apreciar no **cadro 2.2.6.** (*Poboación ocupada 2000-01: distribución segundo sectores económicos*), a poboación ocupada na agricultura e gandería descende un 13,3% en relación ó ano anterior (18,7 miles de persoas menos), e no subsector pesqueiro a caída foi do 9,1% (3,3 miles de ocupados menos). Lugo concentra o maior volume de traballadores no campo, ó acoller ó 38,2% da poboación ocupada na agricultura e gandería. No caso da pesca, é a provincia de Pontevedra quen concentra a maior por-



CADRO 3.2.1.

Poboación ocupada na agricultura e na pesca 2000-01: distribución por sexo e grupos de idade

	Total		Homes		Mulleres	
	2000	2001	2000	2001	2000	2001
(en miles de persoas)						
16 - 24 anos	7,4	6,3	6,3	5,7	1,1	0,5
25 - 54 anos	117,2	98,4	64,2	57,0	53,0	41,4
55 e máis anos	52,6	50,5	18,9	18,5	33,7	32,0
Total	177,1	155,1	89,4	81,2	87,8	73,9

Fonte: IGE

centaxe de poboación ocupada, acollendo ó 51,7% do total da poboación ocupada dedicada á pesca.

Os datos do devandito cadro reflicten o maior peso da man de obra feminina no campo, que no ano 2001 representa o 54,9% da poboación ocupada no subsector agrícola e gandeiro. Este peso da man de obra feminina débese, en boa medida, ó papel das axudas familiares. Estas axudas familiares na agricultura representan o 64,4% do total (29,6 miles de persoas) e, dentro destas, a muller significou o 69,2% (20,5 miles de persoas).

O descenso da ocupación prodúcese nos tres grupos de idades recollidos no **cadro 3.2.1**. No grupo de idades entre 25 e 54 anos a ocupación cae un 16% (18,8 miles de persoas), sendo do 14,6% no caso das persoas entre 16 e 24 anos (1,1 miles de persoas) e do 4% no de 55 e máis anos (2,1 miles de persoas).

No ano 1999 (ultimo dato dispoñible) continúa o descenso da renda agraria (VEB a custo de factores), acadando os 914,8 millóns de euros, un 0,8% menos que no ano precedente. A produción total agraria no ano 2000 medrou un 4,5% para acadar un valor de 2.594,4 millóns de euros, dos que 1.804,8 millóns de euros corresponden á produción final agraria.

Do total da superficie xeográfica galega (2.969,3 miles de hectáreas), **cadro C.3.10**. (*Distribución xeral de terras 2000*), un

65,8% corresponde á superficie forestal, en tanto que a superficie cultivada acada o 11,7%, e os prados e pasteiros, o 11,6%.

O devandito cadro reflicte a importancia relativa do terreo forestal na provincia de Ourense, xa que o 75% da súa superficie está dedicada a terreo forestal, sendo do 65% nos casos de Pontevedra e Lugo. Comparado coa distribución no conxunto de Galicia, pódese salientar que en A Coruña o peso relativo na superficie total provincial da superficie dedicada a terras de cultivo é superior á media galega. No caso dos prados e pasteiros, tan só Lugo presenta unha distribución porcentual superior á media galega.

A **situación empresarial** das 2.750 empresas pertencentes ó grupo de actividades relacionadas co sector primario segundo o criterio de selección de empresas considerado polo Ardán ven reflectida nos **cadros C.3.4**. (*Sectores productivos 2000*), **3.2.2**. e **3.2.3**. Estas empresas, que presentan un emprego medio de 20 traballadores por empresa, xeraron no ano 2000 un VEB total a custo de factores de 1.454,3 millóns de euros (o 18,2% do total das empresas galegas consideradas) e uns ingresos de explotación de 10.706,1 millóns de euros (o 25,8% dos ingresos totais).

O devandito **cadro C.3.4**. amosa que son as actividades relacionadas co subsector agro-gandeiro as que engloban un maior número de empresas (1.213 empresas) xerando o 46,7% do total de ingresos de explota-

CADRO 3.2.2.

Evolución da actividade no sector primario 1999-00: ingresos, custos e resultados

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	9.883,60	100	10.706,13	100	8,32
Consumo e outros gastos de explotación	8.531,28	86,32	9.251,79	86,42	8,45
Valor engadido bruto a custo dos factores	1.352,32	13,68	1.454,33	13,58	7,54
Gastos de persoal	827,95	8,38	907,14	8,47	9,57
Resultado económico bruto da explotación	524,37	5,31	547,19	5,11	4,35
Amortizacións	219,01	2,22	241,40	2,25	10,22
Resultado económico neto da explotación	305,36	3,09	305,80	2,86	0,14
Resultado financeiro	-52,03	-0,53	-45,32	-0,42	12,90
Ingresos financeiros	66,24	0,67	114,72	1,07	73,19
Gastos financeiros	118,27	1,20	160,04	1,49	35,32
Resultado de actividades ordinarias	253,33	2,56	260,48	2,43	2,82
Resultado de actividades extraordinarias	33,43	0,34	56,38	0,53	68,67
Resultado antes de impostos	286,76	2,90	316,86	2,96	10,50
Impostos	92,06	0,93	96,47	0,90	4,79
Resultado neto do exercicio	194,70	1,97	220,39	2,06	13,20
Cash-flow	399,17	4,04	448,33	4,19	12,32

Fonte: Ardán

CADRO 3.2.3.

Evolución do investimento e do financiamento no sector primario 1999-00

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	5.784,95	100	6.418,33	100	10,95
Activo fixo (neto)	2.444,03	42,25	2.738,74	42,67	12,06
Gastos amortizables	26,59	0,46	33,08	0,52	24,42
Inmovilizado inmaterial	119,24	2,06	135,36	2,11	13,52
Inmovilizado material	1.594,28	27,56	1.724,46	26,87	8,17
Outro inmovilizado	702,50	12,14	842,91	13,13	19,99
Outro activo fixo	1,43	0,02	2,93	0,05	105,38
Circulante neto	3.340,92	57,75	3.679,59	57,33	10,14
Existencias	997,71	17,25	1.108,77	17,28	11,13
Debedores	1.858,29	32,12	2.027,45	31,59	9,10
Tesourería	276,46	4,78	283,36	4,41	2,50
Outro activo circulante	208,47	3,60	260,00	4,05	24,72
Fontes de financiamento	5.784,95	100,00	6.418,33	100,00	10,95
Financiamento permanente	2.923,63	50,54	3.199,05	49,84	9,42
Fondos propios	1.876,72	32,44	2.077,87	32,37	10,72
Recursos alleos l/p	826,10	14,28	869,78	13,55	5,29
Ingresos distribuídos en varios exercicios	220,81	3,82	251,40	3,92	13,85
Acreedores a curto prazo	2.861,32	49,46	3.219,28	50,16	12,51
Fondo de rotación	479,60	8,29	460,30	7,17	-4,02

Fonte: Ardán

ción do sector primario e o 36% do valor engadido bruto a custo de factores do sector. As 731 empresas pertencentes ó subsector mar-industria xeran o 36,8% do valor engadido bruto.

O principal **núcleo de localización** segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro C.3.17.** (*Sector primario 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB*), é Vigo cun total de 262,3 millóns de euros, un 10,7% máis que no ano anterior, seguido de A Coruña, cun valor engadido bruto xerado de 144,1 millóns de euros, un 11% superior ó do ano anterior.

Respecto á **evolución da actividade: ingresos, custos e resultados**, o **cadro 3.2.2.** reflicte que no ano 2000 as empresas do sector primario consideradas no seu conxunto presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 13,2% para situarse nos 220,4 millóns de euros. O resultado antes de impostos medrou un 10,5%, ascendendo a 316,9 millóns de euros.

O crecemento do VEB a custo de factores no ano 2000 foi do 7,5%, oito décimas menos do que o fan os ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descende dende o 13,68% de 1999 ata o 13,58% do ano 2000. O resultado de actividades ordinarias experimentou un crecemento do 2,8% respecto ó ano anterior, polo que o seu peso relativo no total dos ingresos de explotación descenden dende o 2,56% ata o 2,43% do ano 2000.

En relación ó estudo do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.2.3.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 12,5% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 460,3 millóns de euros, un 4% inferior ó existente o ano anterior. O 87,5% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 49,8% corresponde ó financiamento permanente,

onde os fondos propios, que crecen un 10,7% respecto ó ano anterior, supoñen o 32,4% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 5,3%, cun peso relativo do 13,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 6.418,3 millóns de euros, un 10,9% superior ó valor de 1999, dos que 2.738,7 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 12,1% superior en relación ó ano anterior). Os 3.679,6 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,1% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro C.3.16.** (*Sector primario 1999-00: estudio económico e financeiro*) reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e un crecemento da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 2,4 puntos inferior, incremento que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 9,6 puntos porcentuais.

O devandito **cadro C.3.16.** amosa un descenso tanto da rendibilidade económica como da financeira antes de impostos. A primeira por mor do descenso da marxe e da rotación de activos e a segunda influenciada pola caída da rendibilidade económica e polo crecemento do custo neto da débeda.

Subsector agro-gandeiro

A análise deste subsector estrutúrase en tres grandes apartados. No primeiro deles analízase o subsector agro-gandeiro no seu conxunto, a partir da información recollida nos presupostos da Xunta, no *Censo agrario* de 1999 (presentado en xaneiro do 2002), o *Anuario de Estadística Agraria 2000* e mailo Ardán.

CADRO 3.2.4.

Presupostos consolidados da Consellería de Agricultura 2000-01: distribución dos créditos por programas

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
Capacitación extensión agraria	9.199,7	8.278,3	-10,0
Formación Profesional F.S.E.	1.893,2	2.413,1	27,5
Infraestructuras, reforma e desenvolvemento agr.	6.276,4	5.199,4	-17,2
Desenvolvemento rural	43.842,6	50.009,0	14,1
Dirección e Servizos Xerais de Agricultura	14.098,5	14.702,6	4,3
Promoc. cooperativa e social e Div. de Tec. Agr.	372,6	516,9	38,7
Sanidade vexetal e animal	16.601,8	24.140,9	45,4
Ord., reestr., fomento e mellora da prod. agraria	40.270,2	48.203,6	19,7
Regulación de producións e mercados agrarios	4.451,1	7.487,4	68,2
Ordenación e creación de industrias agroaliment.	1.039,1	-	-
Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	5.457,2	5.647,7	3,5
Elaboración e difusión estatística	40,3	69,1	71,6
Fomento de cultivos alternativos	2.406,5	3.176,3	32,0
Fomento do sector gandeiro	52.762,9	60.797,2	15,2
Fomento das industrias agroalimentarias	24.241,2	26.742,0	10,3
Fomento da comercialización agroindustrial	6.025,7	5.047,9	-16,2
Total	228.979,0	262.431,3	14,6

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.2.5.

Presupostos da Consellería de Agricultura 2000-01: distribución económica

	Consellería			ILGGA (1)			Total		
	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)	(en miles de €)		(%)	(en miles de €)		(%)
Operacións correntes	45.738,8	46.494,9	1,7	5.227,6	4.687,3	-10,3	50.966	51.182,2	0,4
Operacións de capital	183.215,5	215.762,7	17,8	79.823,4	90.790,7	13,7	263.039	306.553,4	16,5
Total bruto	228.954,4	262.257,6	14,5	85.051,0	95.478,0	12,3	314.005	357.735,6	13,9
Transferencias internas	85.027,0	95.303,7	12,1	-	-	-	85.027	95.303,7	12,1
Total consolidado	143.927,4	166.954,0	16,0	85.051,0	95.478,0	12,3	228.978	262.431,9	14,6

(1) Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.

Os dous seguintes apartados analizan os subsectores agrícola e gandeiro por separado, tendo en conta os datos presentados no censo agrario 1999 e no Anuario de Estatística Agraria, así como os datos recollidos na Enquisa de Bovino 2000 do IGE.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e mailo Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA) son os encargados de levar a cabo as políticas relacionadas co ámbito agro-gandeiro. Os **cadros 3.2.4. e 3.2.5.** amosan o presuposto total consolidado da Consellería de Agricultura, Gandería e P. A., que ascendeu a 262.431,3 miles de euros en 2001, un 14,6% superior ó de 2000, dos que 166.954 miles de euros (o 63,6%) corresponde ó presuposto da consellería e os 95.478 miles de euros restantes (o 36,4%) ó seu organismo autónomo.

O **cadro 3.2.4.** amosa que os principais programas son os correspondentes ó Fomento do sector gandeiro; ó Desenvolvemento rural; e ó de Ordenación, reestruturación, fomento e mellora da produción agraria. Co primeiro, con 60.797,2 miles de euros, preténdese primar ós gandeiros con vacas nodrizas, ós de ovino-caprino, así como os que ceben xatos, co obxectivo de compensarlle-la perda de rendas provocada pola baixa dos prezos garantidos para a produción de carne de ovino, caprino e vacún. Asemade, tamén se pretende a modernización das explotacións gandeiras.

O segundo programa, con 50.009 miles de euros, ten como obxectivo a reorganización das estruturas agrarias coa finalidade de lograr explotacións viables, e ampara-las accións destinadas ó desenvolvemento do

Principais resultados do censo agrario 1999

	España	Galicia	G/E
			(%)
Número de Explotacións	1.790.162	270.053	15,1
Superficie total censada (ST)	42.180.950	2.041.798	4,8
Tierras labradas (TL)	16.920.360	258.878	1,5
Herbáceos y barbechos	12.399.723	228.493	1,8
Frutales	1.151.968	12.373	1,1
Olivar	2.273.589	23	0,0
Viñedo	1.035.347	17.831	1,7
Otros leñosos	59.733	160	0,3
Pastos permanentes	9.396.427	437.812	4,7
Outras terras	15.864.163	1.345.108	8,5
Erial, espartizal e matorral	6.118.308	676.750	11,1
especies arbóreas forestais	8.418.191	605.161	7,2
Superficie agrícola utilizada (SAU)	26.316.787	696.690	2,6
Ganadería (núm. cabezas)			
Bovinos	6.360.827	1.084.912	17,1
Ovinos	20.989.148	335.348	1,6
Caprinos	2.743.149	48.532	1,8
Porcinos	22.079.591	1.239.797	5,6
Aves (miles)	182.446	20.144	11,0
Unidades de trabajo año (UTA) (1)			
Totales	1.188.894	193.561	16,3
Familiar	805.260	184.134	22,9
No familiar	383.634	9.428	2,5
Indicadores estructurales			
ST/Explot.	23,6	7,6	
SAU/Explot.	14,7	2,6	
SAU/ST %	62,4	34,1	
TL/SAU %	64,3	37,2	
UTA/Explot	0,7	0,7	

(1) Equivale ó traballo que realiza unha persoa a tempo completo ó longo dun ano (1 UTA = 228 xornadas)
Fonte: INE, Censo agrario 1999

potencial endógeno das áreas rurais. O terceiro, cun presuposto de 8.020,4 millóns, ten por obxecto accións que inciden no incremento de rendibilidade das explotacións, dentro do marco da PAC.

Segundo o *Censo agrario 1999*, realizado en coordinación co resto dos países da UE, o número de explotacións agrarias ascendeu en Galicia a 270.053 (o 15,1% do número total de explotacións estatais), o que a sitúa como unha das comunidades coas explotacións de menor extensión media, con 7,6 hectáreas (tan só supera a Valencia, con 7,4Ha.), fronte ás 23,6 hectáreas no conxunto do estado.

Atendendo ó seu réxime de tenencia, o **cadro 3.2.8.** reflicte diferencias importantes entre Galicia e o conxunto do estado. Mentres

que en España o 74% da superficie total censada está en réxime de propiedade e un 18,7% o está en réxime de alugueiro, en Galicia esta porcentaxe é do 84,3% e 3,9%, respectivamente. Asemade, o devandito cadro reflicte unha maior importancia relativa en Galicia de “outro réxime”, que representa o 11,6% en Galicia fronte ó 5,3% en España.

Atendendo á súa distribución provincial, hai que salientar, por unha banda, o elevadísimo peso relativo da superficie total censada en réxime de propiedade rexistrado na provincia de Pontevedra (o 92,6% da superficie total da provincia). Por outra, a provincia de Lugo o réxime de tenza “outros réximes” representa o 18,6%, mentres que o réxime de propiedade, a diferenza do acontecido nas outras provincias galegas, é similar ó nivel estatal.

CADRO 3.2.7.

Principais resultados do censo agrario 1999: especies de cultivos e gando máis importantes

	España	Galicia	G/E (%)
Cabezas de gando e número de explotacións			
Bovinos			
Explotacións	196.640	79.630	40,5
Cabezas	6.360.827	1.084.912	17,1
Cabezas/expl.	32,3	13,6	
Ovinos			
Explotacións	122.196	37.098	30,4
Cabezas	20.989.148	335.348	1,6
Cabezas/expl.	171,8	9,0	
Porcinos			
Explotacións	218.110	109.010	50,0
Cabezas	22.079.591	1.239.797	5,6
Cabezas/expl.	101,2	11,4	
Aves			
Explotacións	329.020	164.125	49,9
Cabezas	182.446.364	20.143.658	11,0
Cabezas/expl.	554,5	122,7	
Caprinos			
Explotacións	60.752	8.036	13,2
Cabezas	2.743.149	48.532	1,8
Cabezas/expl.	45,2	6,0	
Grandes categorías de cultivos			
Herbáceos			
Explotacións	890.094	202.767	22,8
Superficie (ha.)	12.399.723	228.493	1,8
Ha. /expl.	13,9	1,1	
Frutais			
Explotacións	565.018	65.240	11,5
Superficie (ha.)	1.151.968	12.373	1,1
Ha. /expl.	2,0	0,2	
Olivar			
Explotacións	602.249	236	0,0
Superficie (ha.)	2.273.589	23	0,0
Ha. /expl.	3,8	0,1	
Viñedo			
Explotacións	342.096	83.030	24,3
Superficie (ha.)	1.035.347	17.831	1,7
Ha. /expl.	3,0	0,2	
Outros (1)			
Explotacións	40.155	1.072	2,7
Superficie (ha.)	59.733	160	0,3
Ha. /expl.	1,5	0,1	

(1) Comprende: Viveiros de cultivos leñosos non forestais, outros cultivos permanentes e cultivos leñosos en invernadoiro
 Fonte: INE, Censo agrario 1999

CADRO 3.2.8.

Superficie total censada e superficie agrícola utilizada 1999: distribución segundo réxime de tenza

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Superficie total censada	42.180.951	2.041.799	509.597	710.765	517.965	303.472
En propiedade	31.194.823	1.721.409	448.057	539.494	452.968	280.890
En arrendamento	7.907.502	80.095	22.503	40.727	12.818	4.046
En aparcería	859.086	3.048	1.195	801	794	257
Notro réxime de tenza	2.219.540	237.247	37.841	129.743	51.384	18.279
Superficie Agrícola Utilizada (SAU)	26.316.787	696.690	201.266	294.200	120.432	80.793
En propiedade	17.632.290	582.039	170.718	247.566	89.722	74.033
En arrendamento	7.073.199	59.026	16.820	28.169	10.558	3.479
En aparcería	787.295	2.100	718	570	725	86
Notro réxime de tenza	824.003	53.525	13.009	17.895	19.427	3.194

Fonte: INE, Censo agrario 1999



Explotacións agrarias 1999: distribución segundo a personalidade xurídica do titular

	Total	Persoa física	Sociedade mercantil	Entidade pública	Cooperativa de produción	Sociedade agraria de transformación (SAT)	Outra condición xurídica
Galicia	270.053	263.034	392	953	117	243	5.314
A Coruña	80.947	79.607	136	227	27	103	847
Lugo	54.208	52.426	89	287	24	85	1.297
Ourense	65.124	62.458	40	388	62	15	2.161
Pontevedra	69.774	68.543	127	51	4	40	1.009
España	1.790.162	1.720.578	17.324	14.628	2.023	3.734	31.875
Galicia/España (%)	15,1	15,3	2,3	6,5	5,8	6,5	16,7

Fonte: INE, Censo agrario 1999

3.

A superficie agrícola utilizada media por explotación foi de 2,6 hectáreas fronte ás 14,7 hectáreas no conxunto do estado, sendo a segunda comunidade con menor extensión media, por diante de Canarias, con 2,1 hectáreas. Con respecto á utilización do solo, a comunidade galega dedica máis do 60% do seu solo ós pastos (a relación TL/SAU é de 37,2%) fronte ó 35% dedicado no conxunto do estado, sendo a cuarta comunidade coa menor relación TL/SAU, superando tan só a Cantabria (2,3%), Asturias (5,8%), Ceuta (6,2%) e o País Vasco (32,8%).

A provincia de Lugo é a que presenta unha maior SAU media por explotación, con 5,4 hectáreas, fronte ás 1,2 hectáreas da provincia de Pontevedra. En relación á utilización do solo, Pontevedra é a que dedica unha menor proporción da SAU a pastos, 51,8%, mentres que na provincia de A Coruña esta porcentaxe acada o 68,1%.

Tal e como reflicte o **cadro C.3.11. (Macromagnitudes agrarias 1999)**, o valor engadido bruto a custo de factores ou **renda agraria** diminúe no ano 1999 (último ano dispoñible) un 0,8% respecto ó ano precedente, para situarse nos 914,8 millóns de euros.

A produción total agraria (PTA) no ano 1999 aumentou un 4,5% respecto ó ano anterior, para acada-los 2.594,4 millóns de euros, dos que 1.804,8 millóns de euros


corresponden á produción final agraria (PFA). Atendendo á achega dos subsectores agrícola e gandeiro á produción final agraria no ano 1999, o sector primario presenta unha importante supeditación ó sector gandeiro, xa que este representa o 56% da PFA, en tanto que o sector agrícola supón o 25%. Comparado co ano anterior, prodúcese un descenso da contribución do sector gandeiro á PFA, que pasa do 64% de 1998 ó 56% do ano 1999, en tanto que a achega do sector agrícola medra dende o 20% de 1998 ata os 25% do último ano.

A vocación comercial do sector agrícola (que mide o nivel de integración do sector no seu entorno), medida pola relación PFA/PTA, foi do 43,6% en 1999, moi lonxe da porcentaxe rexistrada polos subsectores gandeiro e forestal (84,1% e 91,3%, respectivamente).

Os gastos de fóra do sector, que son aqueles gastos xerados no proceso de produción dos distintos subsectores fóra do sector agrario, dannos unha medida do avance tecnolóxico e de integración. Estes acadaron no ano 1999 (último dato dispoñible) un valor de 723,6 millóns de euros, un 5,5% máis que no ano precedente. Ó igual que no ano anterior, **cadro 3.2.10.**, os gastos máis importantes corresponden a pensos para o gando (directamente relacionado coa gandería industrial), con 243,5 millóns de euros, e as de reparación de maquinaria, con 213,4 millóns de euros.

GRÁFICO 3.2.1.

Achea dos principais subsectores á produción final agraria 1998-99



Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 3.2.10.

Macromagnitudes agrarias 1999: gastos de fóra do sector

	1999					99/98
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	
	(en miles de €)					(%)
Sementes selectas e plantóns	9.639,0	6.654,4	5.162,1	6.093,1	27.548,6	14,7
Pensos para o gando	96.070,0	49.580,0	49.912,3	47.920,0	243.482,3	1,8
Fertilizantes	15.171,9	9.820,5	4.710,7	7.900,0	37.603,1	21,9
Emendas	653,9	635,9	204,3	353,4	1.847,5	5,1
Enerxía	25.861,6	20.950,7	9.716,0	12.204,2	68.732,5	16,6
Lubricantes	3.570,0	3.852,5	116,6	1.228,5	8.767,6	0,5
Neumáticos	7.307,7	5.660,3	2.961,2	3.503,9	19.433,1	1,4
Productos fitosanitarios	4.016,0	2.310,3	2.340,3	2.277,8	10.944,4	10,7
Tratamentos zosanitarios	14.775,3	16.406,4	7.824,0	4.456,5	43.462,2	-1,9
Reparación de maquinaria	75.670,4	80.150,0	26.471,8	31.137,2	213.429,4	6,8
Reparación de construcións	6.330,0	7.296,7	7.020,0	3.950,0	24.596,7	-8,1
Outros gastos	8.178,0	5.819,6	4.192,1	5.564,8	23.754,5	5,8
Total	267.243,8	209.137,3	120.631,4	126.589,4	723.601,9	5,5

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria



Consumo agrícola de fertilizantes nas CC.AA. 2000-01

	2000	2001			01/00	Tm/1000 Ha. (1)	
	Total	Total	Nitrogenados	Fosfatados	Potásicos	2000	2001
		(en miles de Tm)			(%)		
Andalucía	428,3	482,9	282,9	114,1	85,9	12,7	73,5
Aragón	209,2	194,7	91,8	70,6	32,3	-6,9	78,2
Asturias	11,5	18,8	11,4	4,5	2,9	63,5	34,7
Baleares	5,3	6,9	3,5	2,2	1,2	30,2	20,3
Canarias	17,6	18,5	7,6	5,0	5,9	5,1	222,4
Cantabria	8,5	24,0	17,1	5,9	1,0	182,4	30,3
Castela - A Mancha	247,2	239,4	139,3	65,7	34,4	-3,2	48,6
Castela e León	578,8	426,1	197,4	135,0	93,7	-26,4	96,1
Cataluña	152,5	143,8	67,7	26,3	49,8	-5,7	123,9
Comunidade Valenciana	222,4	221,5	114,5	41,2	65,8	-0,4	179,2
Extremadura	93,9	95,4	47,7	26,0	21,7	1,6	29,8
Galicia	69,6	64,1	24,9	22,3	16,9	-7,9	77,0
Madrid	31,4	19,1	7,6	6,6	4,9	-39,2	71,4
Murcia	114,7	125,0	59,2	39,7	26,1	9,0	165,8
Navarra	67,6	64,3	29,6	23,4	11,3	-4,9	109,7
País Vasco	37,2	37,3	16,1	13,5	7,7	0,3	134,5
A Rioxa	28,6	28,4	12,7	8,8	6,9	-0,7	104,3
Total	2.324,3	2.210,2	1.131,0	610,8	468,4	-4,9	79,1
							75,2

(1) o consumo de fertilizantes por Ha. cáculase a partir dos datos da Superficie Agraria Útil de cada C.A. proporcionados polo Ministerio para 1999
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

3.

En conxunto, estes dous aspectos representan o 63,1% do total dos gastos de fóra do sector.

Un aspecto importante a ter en conta é o consumo agrícola de fertilizantes. O **cadro 3.2.11.** amosa que Galicia consumiu no ano 2001 un total de 64,1 miles de toneladas de fertilizantes, un 7,9% menos que no ano anterior, sendo a décima comunidade en canto ó consumo dos mesmos. Comparado co total estatal, Galicia consumiu o 2,9% do total consumido en España, fronte ó 3% do ano anterior.

Ponderándoo segundo a superficie agraria útil de cada comunidade, o consumo desce no ano 2001 dende as 77 toneladas por cada mil hectáreas do ano 2000 ata as 70,9 toneladas/1.000Ha. Comparado coas outras comunidades autónomas, en termos de consumo por cada 1.000 hectáreas, Galicia sería a décimoprimeira comunidade, sendo o seu consumo inferior ó consumo medio estatal, que foi de 75,2 toneladas por cada mil hectáreas no ano 2001.

En Galicia, ó igual que no conxunto do estado, se produce no ano 2001 un descenso

tanto no número de tractores como no número de motocultores, sendo en Galicia do 12,4% e 8,0%, respectivamente. En termos absolutos, o número de tractores foi de 1.395 no ano 2001 fronte ós 1.593 do ano anterior, en tanto que no caso dos motocultores, pásase dos 716 de 2000 ós 659 do ano considerado (**cadro 3.2.12.**).

O **cadro 3.2.13.** reflicte os índices de **prezos percibidos** polos agricultores nos dous últimos anos, onde se aprecia que, a diferenza do acontecido no ano 2000 (-0,7%), no ano 2001, estes experimentaron unha medra do 2,7%. Atendendo ós diferentes tipos de produtos, o devandito **cadro 3.2.13.** reflicte unha medra do índice de prezos dos produtos animais (8,5%), produtos gandeiros (6,9%) e produtos forestais (6,8%), en tanto que o índice de prezos no caso dos produtos vexetais e agrícolas desce un 0,7% e un 1,0%, respectivamente.

En relación ós **prezos pagados** polos agricultores, o **cadro 3.2.14.** amosa un crecemento tanto no caso dos bens e servizos de uso corrente como no caso dos bens de investimento. No primeiro caso o índice de prezos

CADRO 3.2.12.

Inscripcións de máquinas agrícola novas en Galicia e España 2000-01

2000				
	Tractores	Motocultores	Colleitoras de cereais	Total
Galicia	1.593	716	1	2.310
España	20.033	1.220	633	21.886
G/E	8,0	58,7	0,2	10,6

2001				
	Tractores	Motocultores	Colleitoras de cereais	Total
Galicia	1.395	659	1	2.055
España	18.314	1.057	649	20.020
G/E	7,6	62,3	0,2	10,3

01/00				
	Tractores	Motocultores	Colleitoras de cereais	Total
	(%)			
Galicia	-12,4	-8,0	0,0	-11,0
España	-8,6	-13,4	2,5	-8,5

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

CADRO 3.2.13.

Índices de prezos percibidos polos agricultores 2000-01: medias anuais españolas

	2000	2001	01/00
	(ano base 1990=100)		(%)
Productos vexetais	116,22	115,40	-0,7
Productos agrícolas	115,65	114,50	-1,0
Cereais consumo humano	87,07	93,13	7,0
Cereais penso	86,38	90,79	5,1
Leguminosas consumo humano	133,88	128,82	-3,8
Leguminosas penso	89,97	92,36	2,7
Pataca	118,68	147,26	24,1
Hortalizas	125,19	119,09	-4,9
Froitas frescas (non cítricos)	78,69	90,65	15,2
Viño e mosto	200,76	149,46	-25,6
Sementes	84,05	80,40	-4,3
Flores e plantas ornamentais	105,13	125,66	19,5
Productos animais	113,12	122,77	8,5
Vacún para abasto	104,25	92,67	-11,1
Ovino para abasto	118,44	141,50	19,5
Cabrún para abasto	126,99	145,04	14,2
Porcino para abasto	112,66	134,58	19,5
Aves para abasto	113,64	125,07	10,1
Coellos para abasto	93,88	108,26	15,3
Productos gandeiros	119,80	128,07	6,9
Leite	121,77	133,87	9,9
Ovos	116,16	115,14	-0,9
La	60,60	63,61	5,0
Productos forestais	133,17	142,19	6,8
Madeira coníferas	123,84	136,79	10,5
Madeiras frondosas	108,31	113,01	4,3
Corcho	256,65	254,73	-0,7
Índice xeral de prezos percibidos	115,06	118,15	2,7

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

Índices de prezos pagados polos agricultores 2000-01

	2000	2001	01/00
	(Ano Base 1995 = 100)		(%)
Ben e servizos de uso corrente	110,11	112,53	2,2
Sementes e plantóns	126,44	127,25	0,6
Fertilizantes	104,02	111,78	7,5
Simple	103,51	117,99	14,0
Compostos	101,82	106,95	5,0
Enmendas	117,82	106,93	-9,2
Alimentos de gando	99,89	102,71	2,8
Pensos simples	108,25	107,03	-1,1
Pensos compostos	97,84	101,65	3,9
Protección fitopatolóxica	109,29	111,28	1,8
Tratamentos zosanitarios	139,31	140,15	0,6
Cons. e rep. Maquinaria	112,21	113,34	1,0
Cons. e rep. Edificios	117,95	124,59	5,6
Enerxía e lubricantes	138,97	135,90	-2,2
Material e pequeno utillaxe	112,33	109,38	-2,6
Gastos xerais	118,02	120,75	2,3
Bens de investimento	117,40	124,14	5,7
Maquinaria e outros bens de equipo	120,44	124,58	3,4
Obras de inversión	115,15	123,82	7,5

(1) Como consecuencia do cambio de período de base, os prezos do 2001 non son exactamente comparables cos de períodos anteriores
Fonte: Ministerio de Agricultura Pesca y Alimentación, Boletín Mensual de Estadística nº 3

rexistra no ano 2001 unha medra do 2,2% respecto ó ano anterior, sendo esta porcentaxe do 5,7% no caso dos bens de investimento.

3.

Finalmente, no concernente ás axudas ó sector agrario, os **cadros 3.2.15.**, **3.2.16.** e **3.2.17.** reflicten as diferentes axudas ás explotacións agrarias outorgadas nos anos 1999 e 2000, así como as axudas á industria agroalimentaria e as liñas de axuda ó fomento asociativo. Segundo o *Anuario de Estadística Agraria 2000*, o número de medidas ou liñas de actuación dirixidas ás explotacións agrarias expedidas en 2000 ascendeu a 111.467 (un 3,4% inferior ó experimentado o ano anterior), cun volume total de subvencións de 136,3 millóns de euros, fronte ós 106,5 millóns de euros do ano anterior.

Os principais grupos de axudas atenden-do ó número de axudas estruturais e ás subvencións recibidas son os de “primas a gandeiros con vacas mosexas”, as “axudas a superficies con cultivos herbáceos” e as axudas para o “investimento en plans de mellora de explotacións”, que acollen o 63,4% das subvencións (58,1% das axudas concedidas). Comparado co ano anterior, cómpre salientalo importante incremento das axudas e sub-

vencións no caso dos investimentos en plans de mellora de explotacións e do cesamento anticipado na actividade agraria, ó contrario do acontecido no caso das axudas para o abandono da produción leiteira.

O **cadro 3.2.16.** reflicte que no ano 2000 un total 277 empresas se beneficiaron das medidas de apoio á industria agroalimentaria, ascendendo o volume total da subvención a 9,5 millóns de euros, o que representa o 26,2% do investimento total subvencionado. A industria vitivinícola acolle a 123 das 277 empresas subvencionadas, sendo o montante global da subvención de 2,2 millóns de euros. As 56 empresas cárnicas recibiron unha subvención similar, mentres que a subvención ás 35 empresas lácteas foi de 1,5 millóns de euros.

Por mor das industrias vitivinícolas, Pontevedra é a provincia que acolle o maior número de empresas agroalimentarias con subvención (115 empresas) e a maior porcentaxe da subvencións outorgadas, co 35,7% da subvención total.

No caso das liñas de axudas ó fomento asociativo, o **cadro 3.2.17.** amosa que as axu-

CADRO 3.2.15.

Axudas ás explotacións agrarias 1999-00

	1999		2000	
	Número	Subvención (en €)	Número	Subvención (en €)
Posta en produción de superficies infrautilizadas en montes veciñais	28	568.221,17	14	579.523,10
Mellora da eficacia dos sistemas productivos agrarios	140	1.563.695,21	34	649.005,55
Axudas a superficies con cultivos herbáceos	37.806	13.526.482,52	36.810	15.915.056,96
Primas a produtores de vacún de carne (becerras)	2.944	1.900.864,06	9.375	2.123.483,55
Primas a gandeiros de ovino-caprín	4.228	4.515.776,42	4.204	3.808.813,87
Primas a gandeiros con vacas mosexas	25.879	29.340.138,29	24.773	29.277.394,46
Mellora das estruturas de explotacións agrarias (RD 1887/91, 204/96) (só subvención directa)				
A)Primeira instalación de agricultores novos	481	6.196.800,51	1.089	8.778.311,64
B)Investimentos en plans de mellora de explotacións	1.775	21.493.817,04	3.216	41.241.286,83
C)Axudas para a introdución á contabilidade	1.988	641.603,41	-	-
D)Axudas a agrupacións de xestión	36	649.261,36	18	1.197.294,24
R)Investimentos en plans de mellora fóra da acción común	4	25.274,06	8	59.788,81
Cesamento anticipado na actividade agraria	829	2.388.518,93	2.563	11.773.045,81
Indemnizacións compensatorias a zonas de montaña desfavorecidas	26.010	8.527.953,22	21.453	8.041.199,38
Abandono produción leiteira	7.589	12.493.935,64	1.295	4.280.588,21
Medidas agroambientais en agricultura (R. 2078/92)				
Razas autóctonas en perigo de extinción	122	64.624,43	113	81.591,00
Protección integrada do viño	238	145.406,76	253	145.085,52
Conservación contorno paisaxístico en viños Ribeira Sacra	701	149.812,36	600	132.590,48
Prevención erosión en sistemas extensivos de pastoreo	62	197.113,48	64	203.471,17
Reestruturación de viño	370	566.770,71	117	165.407,24
Adquisición de maquinaria	77	691.363,85	75	656.967,86
Agrupación tratamentos integrados para a agricultura	13	171.890,66	23	161.962,23
Agrupación defensa vexetais	76	300.506,05	64	283.575,54
Medidas extraordinarias sectores vitivinícola e frutícola	69	147.211,41	56	147.211,41
Seguros agrarios	3.981	279.977,57	5.129	778.311,26
Fomento do emprego	-	-	25	925.496,44
Sementes e plantas de viveiro	-	-	4	20.849,69
Mellora da calidade do leite	-	-	92	4.825.110,26
Total	115.446	106.547.019,12	111.467	136.252.422,51

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

3.

CADRO 3.2.16.

Apoio á industria agroalimentaria 2000: distribución segundo tipo de industria

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Cárnicas					
Empresas	16	11	9	20	56
Investimento subvencionado (en €)	1.760.965,47	1.471.878,64	605.820,20	4.954.142,78	8.792.807,09
Subvención (en €)	373.829,53	316.132,37	228.384,60	1.322.226,63	2.240.573,13
Lácteas					
Empresas	14	9	1	11	35
Investimento subvencionado (en €)	1.343.262,05	7.725.409,59	34.858,70	875.674,64	9.979.204,98
Subvención (en €)	465.784,38	750.063,11	15.626,31	316.733,38	1.548.207,18
Vitivinícola					
Empresas	2	28	26	67	123
Investimento subvencionado (en €)	27.646,56	684.552,79	3.016.479,75	3.543.567,37	7.272.246,47
Subvención (en €)	11.419,23	241.005,85	787.926,87	1.170.170,57	2.210.522,52
Hortofrutícola					
Empresas	13	6	11	11	41
Investimento subvencionado (en €)	622.648,54	679.744,69	1.519.959,61	1.327.635,74	4.149.988,58
Subvención (en €)	202.541,08	192.924,89	433.329,73	320.940,46	1.149.736,16
Outras					
Empresas	9	0	7	6	22
Investimento subvencionado (en €)	4.073.660,04	-	781.315,74	1.262.125,42	6.117.101,20
Subvención (en €)	1.750.147,25	-	341.975,89	262.041,28	2.354.164,42
Total					
Empresas	54	54	54	115	277
Investimento subvencionado (en €)	7828182,66	10561585,71	5958434	11963145,95	36.311.348,32
Subvención (en €)	2803721,47	1500126,22	1807243,4	3392112,32	9.503.203,41

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

Fomento asociativo 2000: liñas de axuda

	Beneficiarios	Subvención (en €)
Fomento do asociacionismo	461	808.392,83
Incorporación de socios ás cooperativas e SAT	418	285.005,95
Constitución de novas cooperativas e SAT	17	11.026,00
Integración, fusión e absorción cooperativa	26	512.360,88
Apoio ó cooperativismo	261	718.698,59
Formación cooperativa: cursos e viaxes	43	89.233,62
Auditorías, análises e estudos	42	131.548,69
Equipamento informático e fotocopiadoras	65	141.275,82
Contratación de persoal	104	347.249,65
Actuacións relacionadas coa calidade	7	9.390,81
Cooperativas utilización maquinaria agrícola	7	207.460,57
Agrupacións de produtores agrarios (APAS)	10	702.303,78
Organización profesional do sector agrario	4	228.384,60
Viaxes de interese agrario	19	49.640,08
Bolsas de prácticas	54	82.338,66
Total	816	2.797.219,11

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

3.

das ás agrupacións de produtores agrarios e as de integración, fusión e absorción cooperativa son as que presentan, en conxunto, o maior volume de subvención, con 702,3 e 512,4 miles de euros, respectivamente. En termos de beneficiarios, a liña de axuda máis importante é a de incorporación de socios ás cooperativas, con 418 beneficiarios, o 51,2% dos beneficiarios totais neste tipo de axudas.

Outro tipo de axudas ó sector agrario son as axudas á promoción agraria, que abrangue a 314 beneficiarios e 2.147,2 miles de euros. A axuda máis importante é a de promoción e comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos, con 277 beneficiarios e 2.117,2 miles de euros.

• Indicadores empresariais

O subsector agro-gandeiro está constituído, seguindo a metodoloxía empregada polo Ardán, por un total de 1.213 empresas, sendo o seu emprego medio de 20 traballadores por empresa, segundo os datos facilitados polas mesmas. Estas empresas tiveron uns ingresos de explotación de 5.000,2 millóns de euros (o 12% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 523 millóns de euros (o 6,5%).

O **cadro 3.1.18.** reflicte que as actividades relacionadas coa de distribución de produtos alimenticios e bebidas son as que engloban o maior número de empresas, con 678 empresas (o 55,9% das empresas pertencentes ó sector primario), xerando o 62,7% dos ingresos de explotación e o 41% do VEB a custo de factores.

No caso das actividades productivas (408 empresas), as 110 empresas de farináas, pan, doces e pastelerías son as que xeran un maior VEB, con 46,6 millóns de euros (o 8,9% do total xerado polo subsector agro-gandeiro), sendo os seus ingresos de explotación de 123,9 millóns de euros, o 2,5% dos ingresos totais do subsector.

Xunto as empresas deste subsector, cómpre salienta-la importancia da industria láctea, onde as 23 empresas consideradas crean un VEB de 41,2 millóns de euros (o 7,9% do VEB do sector primario), sendo as industrias que presentan, en conxunto, un maior volume de ingresos de explotación, con 503,2 millóns de euros (o 10,1% dos ingresos totais). As 62 empresas pertencentes á industria cárnica xeran un valor engadido bruto total de 37,8 millóns de euros, o que representa o 7,2% do VEB xerado por este subsector.

CADRO 3.2.18.

Complexo agro-gandeiro 2000: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
		(en millóns de €)				
Producción agrícola	23	14,30	5,61	1,74	67,32	14
Producción gandeira	36	40,57	6,89	3,40	31,10	10
Producción avícola	16	58,83	10,46	4,13	25,35	29
Industria cárnica	62	269,87	37,77	8,51	133,29	27
Industria láctea	23	503,18	41,22	14,19	245,23	52
Producción de alimentación animal	31	209,46	28,22	11,76	118,81	19
Fariñas, pan, dulces e pastelerías	110	123,90	46,64	11,41	79,59	19
Fabr. de bebidas con base alcohólica exc. viño	10	73,31	28,82	13,43	65,79	31
Fabricantes de viños e brandy	40	67,51	13,51	6,01	74,64	9
Fabr. de bebidas refrescantes non alcoh. e augas mín.	19	140,00	36,22	13,42	123,62	43
Fabricantes doutros produtos alimenticios	38	107,76	24,06	7,67	82,21	23
Distr. xeral maiorista de pdtos. aliment. e bebidas	283	1.546,22	68,54	19,20	546,76	14
Distr. especializada maior. pdtos. aliment. e bebidas	216	978,87	72,54	16,63	352,81	12
Distr. Maiorista de gando e pto. de granxa	111	238,23	23,08	7,99	107,00	7
Distr. Maiorista de bebidas alcohólicas	31	32,56	4,16	0,59	16,93	7
Distr. detallista de produtos alimenticios e bebidas	148	576,32	69,19	12,48	168,07	30
Servicios para agricultura	10	14,30	4,13	0,85	6,64	24
Servicios para gandería	6	5,04	1,97	0,45	4,42	20
Total	1.213	5.000,22	523,04	153,88	2.249,60	18
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	9,79	12,03	6,53	6,28	7,06	

Fonte: Ardán

CADRO 3.2.19.

Complexo agro-gandeiro 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1999	2000	00/99
	(en millóns de €)		(%)
A Coruña	77,09	87,13	13,0
Vigo	65,85	78,57	19,3
Arteixo	32,91	31,45	- 4,4
O Porriño	23,26	23,71	1,9
Santiago	22,85	23,27	1,8
Lugo	15,22	18,85	23,8
Pontevedra	11,62	15,39	32,5
Ourense	13,00	14,58	12,2

Fonte: Ardán

O principal núcleo de localización segundo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 3.2.19.**, é A Coruña cun total de 87,1 millóns de euros, un 13% máis que no ano anterior, seguido de Vigo, cun valor engadido bruto xerado de 78,6 millóns de euros (un 19,3% máis). Comparado co ano anterior, hai que salienta-la evolución seguida polo VEB xerado polo conxunto de empresas emprazadas en Pontevedra e Lugo, que medra un 32,5% e un 23,8%, respectivamente.

A **conta de explotación** agregada das 1.213 empresas pertencentes a este subsector,

cadro 3.2.20., reflicte que no ano 2000 as empresas do complexo agrogandeiro presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 27,8% para situarse nos 81,3 millóns de euros. O resultado antes de impostos medrou un 23,8%, ascendendo a 118,3 millóns de euros.

O resultado de actividades ordinarias medrou no ano 2000 un 11,8% respecto ó ano precedente, para acadar 103,9 millóns de euros, o que significa o 2,08% dos ingresos de explotación, que medraron un 7,1%. Nese ano, o VEB a custo de factores medrou un

CADRO 3.2.20.

Evolución da actividade no complexo agro-gandeiro 1999-00: ingresos, custos e resultados

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	4.668,83	100	5.000,22	100	7,10
Consumo e outros gastos de explotación	4.185,33	89,64	4.477,18	89,54	6,97
Valor engadido bruto a custo dos factores	483,50	10,36	523,04	10,46	8,18
Gastos de persoal	315,08	6,75	342,71	6,85	8,77
Resultado económico bruto da explotación	168,42	3,61	180,33	3,61	7,07
Amortizacións	71,28	1,53	77,98	1,56	9,40
Resultado económico neto da explotación	97,14	2,08	102,35	2,05	5,36
Resultado financeiro	-4,18	-0,09	1,55	0,03	137,11
Ingresos financeiros	30,93	0,66	44,75	0,89	44,68
Gastos financeiros	35,12	0,75	43,20	0,86	23,02
Resultado de actividades ordinarias	92,96	1,99	103,90	2,08	11,77
Resultado de actividades extraordinarias	2,40	0,05	14,16	0,28	489,21
Resultado antes de impostos	95,36	2,04	118,06	2,36	23,81
Impostos	31,75	0,68	36,76	0,74	15,78
Resultado neto do exercicio	63,61	1,36	81,30	1,63	27,81
Cash-flow	128,76	2,76	153,88	3,08	19,52

Fonte: Ardán

CADRO 3.2.21.

Evolución do investimento e do financiamento no complexo agro-gandeiro 1999-00

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	2.010,34	100	2.249,60	100	11,9
Activo fixo (neto)	801,89	39,89	918,32	40,82	14,5
Gastos amortizables	14,12	0,70	19,50	0,87	38,0
Inmobiliado inmaterial	52,59	2,62	54,08	2,40	2,8
Inmobiliado material	541,19	26,92	598,02	26,58	10,5
Outro inmaterial	193,01	9,60	245,12	10,90	27,0
Outro activo fixo	0,97	0,05	1,60	0,07	64,6
Circulante neto	1.208,46	60,11	1.331,29	59,18	10,2
Existencias	342,53	17,04	369,39	16,42	7,8
Debedores	657,42	32,70	737,71	32,79	12,2
Tesourería	114,30	5,69	125,21	5,57	9,5
Outro activo circulante	94,20	4,69	98,97	4,40	5,1
Fontes de financiamento	2.010,34	100,00	2.249,60	100,00	11,9
Financiamento permanente	898,28	44,68	994,22	44,20	10,7
Fondos propios	611,54	30,42	678,86	30,18	11,0
Recursos alleos l/p	243,96	12,14	263,00	11,69	7,8
Ingresos distribuídos en varios exercicios	42,79	2,13	52,37	2,33	22,4
Acreedores a curto prazo	1.112,06	55,32	1.255,38	55,80	12,9
Fondo de rotación	96,40	4,80	75,91	3,37	-21,3

Fonte: Ardán



CADRO 3.2.22.

Complexo agro-gandeiro 1999-00: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	5,13	8,26	12,53	26,00	9,35	17,90	1,58	3,08	0,49	1,01	2,37	3,40
1999	4,86	10,90	12,49	26,32	9,09	17,88	1,76	3,16	0,49	0,94	2,37	3,44

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	5,07	6,15	1,82	3,38	2,66	1,84	11,74	15,97	1,71	2,34	2,21	2,49
1999	5,23	6,33	1,92	3,40	2,70	1,85	13,32	17,99	1,71	2,19	2,30	2,59

Fonte: Ardán

8,2%, polo que a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación, aumenta dende o 10,36% de 1999 ata o 10,46% de 2000.

Xunto a este crecemento do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias, hai que salientalo importante crecemento do resultado de actividades extraordinarias, que aumentan un 489,2% para situarse nos 14,2 millóns de euros, o 0,3% dos ingresos de explotación.

En relación ó estudo do **balance** agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.2.21**. amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 5,7% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 75,9 millóns de euros, un 21,3% inferior ó existente o ano anterior. O 94,3% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 44,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 11% respecto ó ano anterior, supoñen o 30,2% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 7,8%, cun peso

relativo do 11,7% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.249,6 millóns de euros, un 11,9% superior ó valor de 1999, dos que 918,3 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 14,5% superior ó ano anterior). Os 1.331,3 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 10,2% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.2.22**. reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e o mantemento da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 3,2 puntos inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 13,5 puntos porcentuais.

Ó igual que o acontecido no conxunto das empresas galegas consideradas polo Ardán, as rendibilidades económica e finan-

3.

Aproveitamento das terras labradas 1999

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
Herbáceos	Explotacións	202.767	61.848	42.746	44.911	53.262	890.094
	Hectáreas	228.493	61.904	102.793	33.318	30.477	12.399.723
Frutais	Explotacións	65.240	10.111	16.664	23.370	15.095	565.018
	Hectáreas	12.373	1.320	3.561	5.855	1.637	1.151.968
Olivar	Explotacións	236	7	116	107	6	602.249
	Hectáreas	23	2	15	5	1	2.273.589
Viñedo	Explotacións	83.030	8.318	5.910	29.253	39.549	342.096
	Hectáreas	17.831	928	1.815	8.257	6.830	1.035.347
Outras terras labradas	Explotacións	1.072	33	23	632	384	40.155
	Hectáreas	160	30	43	55	32	59.733

Fonte: INE, Censo agrario 1999

ceira antes de impostos descenden no ano 2000 respecto a 1999. O devandito **cadro 3.2.22.** amosa que a rendibilidade económica acadou no ano 2000 un 5,1%, fronte ó 6,2% da economía galega, en tanto que no caso da rendibilidade financeira antes de impostos, as porcentaxes foron do 11,7% e do 16% no caso das empresas do subsector agro-gandeiro e no caso xeral de Galicia, respectivamente.

• *Agricultura*

O censo agrario de 1999 reflicte que das 2.041.798 hectáreas censadas en Galicia, a superficie agraria utilizada (SAU) ascendeu a 696.690 hectáreas (o 34,1%). Destas, un total de 258.878 hectáreas corresponden ás terras labradas e o resto a terras para pastos. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 2,6% da SAU, sendo do 1,5% no caso da superficie de terras labradas e do 4,7% no de terras para pastos permanentes (**cadro 3.2.6.**).

En termos absolutos a provincia de Lugo é a que presenta unha maior superficie agraria utilizada, con 294.200 hectáreas, seguida de A Coruña, con 201.266 hectáreas. En termos relativos, o peso da superficie agraria utilizada no total da superficie censada foi do 41,4% na provincia de Lugo e do 39,5% no de A Coruña, en tanto que en Pontevedra e Ourense, estas porcentaxes ascenderon a 26,6% e 23,3%, respectivamente.

No concernente á desagregación da SAU segundo o réxime de tenencia, o **cadro 3.2.8.** reflicte que, ó igual que no caso do réxime de tenencia da superficie total censada, existen importantes diferencias entre Galicia e o total estatal. Así, en Galicia o total de superficie en réxime de propiedade representa o 83,5% da SAU fronte ó 67% no conxunto do estado, mentres que en réxime de alugueiro está o 8,5% da superficie agraria utilizada fronte ó 26,9% de media en España.

Asemade, o devandito cadro reflicte o elevado peso relativo da superficie en réxime de propiedade na provincia de Pontevedra (91,6% da SAU total da provincia) e do “outro réxime de tenencia” na provincia de Ourense, cun 16,1%.

En relación ó aproveitamento das terras labradas, o **cadro 3.2.23.** reflicte a existencia en Galicia dun claro predominio dos cultivos herbáceos, xa que case un 60% das explotacións dedícanse a estes cultivos, ocupando o 88% da superficie labrada. No conxunto do estado este predominio non é tan acusado, sendo estas porcentaxes do 36,5% e 73,3%, respectivamente.

Outros aspectos característicos do aproveitamento da terras galegas en comparación co estado son a maior importancia relativa dos viñedos (o 23,6% das explotacións e o 6,9% da superficie total de terras labradas,

CADRO 3.2.24.

Unidades de traballo / ano na agricultura 1999

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Man de obra familiar	805.260	184.133	61.520	48.467	30.906	43.241
Titular	527.755	105.478	35.076	27.208	18.774	24.420
Cónxuxe	140.345	47.220	15.274	12.081	8.485	11.381
Outros membros da familia	137.160	31.435	11.170	9.178	3.647	7.440
Man de obra non familiar	383.633	9.427	2.665	2.150	1.798	2.815
Fixa	149.385	5.642	1.879	1.447	1.000	1.316
Eventual	234.248	3.785	786	703	798	1.499
Total	1.188.893	193.560	64.185	50.617	32.704	46.056

Fonte: INE, Censo agrario 1999

CADRO 3.2.25.

Unidades de traballo / ano na agricultura 1999 (UTA)

	Total	Man de obra familiar				Man de obra non familiar		
		Total	Titular	Cónxuxe	Outros membros da familia	Total	Fixa	Eventual
Galicia	193.561	184.134	105.478	47.220	31.435	9.428	5.642	3.785
A Coruña	64.184	61.520	35.076	15.274	11.170	2.665	1.879	786
Lugo	50.617	48.466	27.208	12.081	9.178	2.150	1.447	703
Ourense	32.704	30.906	18.774	8.485	3.647	1.798	1.000	798
Pontevedra	46.056	43.241	24.420	11.381	7.440	2.815	1.316	1.499
España	1.188.894	805.260	527.755	140.345	137.160	383.634	149.385	234.248

Fonte: INE, Censo agrario 1999

fronte ó 14% e 6,1%, respectivamente) e a nula presenza do olivar en Galicia, cando no estado representa case a cuarta parte das explotacións e o 13% da superficie labrada estatal.

Finalmente, o censo agrario de 1999 amosa que as unidades de traballo/ano (UTA) na agricultura ascenderon a 193.560, das que 184.133 corresponderon á man de obra familiar e 9.427 á man de obra non familiar. Comparado co total estatal, Galicia é a segunda comunidade con maiores UTA, por detrás de Andalucía, sendo a primeira no caso da man de obra familiar.

Atendendo ó **cadro 3.2.26.**, que recolle as **macromagnitudes do sector agrario** galego nos anos 1998 e 1999 (últimos datos dispoñibles), o valor monetario da produción total do subsector agrícola ascendeu a 1.015 millóns de euros, dos que un total de 572,9 millóns de euros corresponderon ó reemprego no sector.

Como se pode apreciar, a produción total de cultivos forraxeiros e de pastos accidentais e de praderías naturais, que representa un 51% da produción total agraria, está reempregada completamente no subsector agrario. No caso contrario están os tubérculos consumo humano, as hortalizas e o viño, onde as súas producións están orientadas claramente ó mercado. Nestes tres últimos grupos, a achega á produción final agraria foi do 90,9% no caso dos tubérculos consumo humano, do 95,8% no caso das hortalizas, e do 97,2% no caso do viño.

A contribución do subsector á produción final agrícola, **cadro 3.2.26.**, medrou un 24,3% respecto ó ano anterior, acadando os 442,2 millóns de euros en 1999. O subsector máis importante en canto á súa contribución á PFA é o vitivinícola, que, con 167,8 millóns de euros (un 58,1% máis que no ano anterior), representa o 37,9% da produción final agraria. Séguenlle en importancia as hortalizas e os tubérculos para o consumo humano, con

CADRO 3.2.26.

Macromagnitudes do subsector agrícola 1998-99

1998

Cultivos	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
(en millóns de euros)			
Cereais	39,2	28,5	10,7
Leguminosas	9,5	0,5	9,0
Pallas	5,0	5,0	-
Tubérculos consumo humano	68,8	6,5	62,3
Cultivos industriais herb.	-	-	-
Cultivos forraxeiros	233,9	233,9	-
Pastos accidentais e praderías naturais	193,0	193,0	-
Hortalizas	107,7	6,8	100,9
Cítricos	1,3	-	1,3
Froitas non cítricas	31,7	0,3	31,4
Viño e subproductos	108,9	2,8	106,1
Outros industriais	0,2	-	0,2
Flores e plantas ornamentais	30,7	-	30,7
Sementes selectas e pes agrícolas	2,9	-	2,9
-	-	-	-
Total	832,8	477,1	355,7

1999

Cultivos	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
(en millóns de €)			
Cereais	40,8	30,2	10,6
Leguminosas	8,3	0,5	7,8
Pallas	5,2	5,2	-
Tubérculos consumo humano	80,9	7,4	73,6
Cultivos industriais herb.	-	-	-
Cultivos forraxeiros	322,1	322,1	-
Pastos accidentais e praderías naturais	196,0	196,0	-
Hortalizas	112,4	4,7	107,7
Cítricos	2,1	-	2,1
Froitas non cítricas	36,7	2,0	34,8
Viño e subproductos	172,5	4,8	167,8
Outros industriais	-	-	-
Flores e plantas ornamentais	34,5	-	34,5
Sementes selectas e pes agrícolas	3,4	-	3,4
-	-	-	-
Total	1.015,0	572,9	442,2

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 3.2.27.

Produccións agrícolas 2000: superficie e producións

Cultivos	Superficie	Producción	Destino	
			Autoconsumo e reemprego	Comercialización
	(en Ha.)	(en Tm.)	(%)	
Cereais gran				
Trigo	21.498	61.498	66	34
Centeo	6.459	14.188	70	30
Feixón seco	3.287	2.472	42	58
Pataca	19.928	447.939	47	53
Cultivos forraxeiros				
Millo forraxeiro	27.415	1.154.825	100	0
Pradería	166.864	8.716.566	100	0
Hortalizas				
Tomate	522	11.491	53	47
Leituga	695	13.780	44	56
Pemento	857	13.549	37	63
Cebola	2.013	45.169	43	57
Feixón verde	3.681	43.396	44	56
Repolo e coliflor	2.252	52.694	77	23
Uva para vinificación	27.061	143.626	100	0

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

CADRO 3.2.28.

Macromagnitudes do subsector gandeiro 1998-99

1998			
	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
	(en miles de €)		
Vacún: carne e gando	259.766,4	-	259.766,4
Ovino: carne e gando	9.764,6	-	9.764,6
Cabrun: carne e gando	4.314,1	-	4.314,1
Porcino: carne e gando	137.242,9	-	137.242,9
Aves: carne e gando	106.710,3	-	106.710,3
Coellos: carne e gando	17.446,8	-	17.446,8
Equino: carne e gando	445,3	-	445,3
Leite	600.784,3	57.699,6	543.084,8
Ovos	69.844,8	12.424,7	57.420,1
La	111,8	-	111,8
Esterco	124.828,4	124.828,4	-
Traballo animal	7.390,0	7.390,0	-
Varios	7.059,5	-	7.059,5
Total	1.345.709,4	202.342,7	1.143.366,6

1999			
	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
	(en miles de €)		
Vacún: carne e gando	186.766,9	-	186.766,9
Ovino: carne e gando	4.197,5	-	4.197,5
Cabrun: carne e gando	1.754,4	-	1.754,4
Porcino: carne e gando	108.779,0	-	108.779,0
Aves: carne e gando	107.396,1	-	107.396,1
Coellos: carne e gando	15.060,2	-	15.060,2
Equino: carne e gando	318,5	-	318,5
Leite	581.624,1	56.603,3	525.020,7
Ovos	63.971,7	12.927,8	51.044,0
La	107,0	-	107,0
Esterco	113.714,5	113.714,5	-
Traballo animal	7.690,6	7.690,6	-
Varios	7.365,4	-	7.365,4
Total	1.198.745,7	190.936,1	1.007.809,6

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

107,7 e 73,6 millóns de euros, respectivamente.

O *Anuario de estadística agraria 2000* reflicte, **cadro 3.2.27.**, a superficie, a produción e o seu destino dos principais cultivos para o ano 2000. Cómpre salientala pradería, á que se destina un total de 166.864 hectáreas e que presenta unha produción de 8.716,6 miles de toneladas. Séguelle en importancia o millo forraxeiro, cunha superficie de 27.415 hectáreas e unha produción de 1.154,8 miles de toneladas. A produción de ámbolos dous produtos dedícase na súa práctica totalidade ó autoconsumo e reemprego.

Por mor dos cultivos forraxeiros, Lugo e A Coruña son as provincias que presentan

unha maior produción e unha maior superficie de cultivo. Estas provincias acollen en torno ó 90% da produción e da superficie destes cultivos. Asemade, cómpre salientalo papel da uva para vinificación na provincia de Pontevedra, que acolle un 45% da superficie e produción galega deste cultivo.

• Gandería

O punto de partida do estudo do subsector gandeiro é a análise das súas macromagnitudes. O **cadro 3.2.28.** reflicte que no ano 1999 a produción total do subsector gandeiro descendeu un 10,9%, ata chegar ós 1.198,7 millóns de euros, mentres que a contribución á PFA acadou os 1.007,8 millóns de euros, un 11,9% menos que no ano anterior. Este descenso da PTA prodúcese en

Censo agrario 1999

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Bovino						
Explotacións	196.640	79.630	30.818	25.400	6.909	16.503
Cabezas de gando	6.360.827	1.084.912	417.485	486.464	65.064	115.899
Cabezas / Expl.	32,3	13,6	13,5	19,2	9,4	7,0
Ovino						
Explotacións	122.196	37.098	8.566	7.858	4.404	16.270
Cabezas de gando	20.989.148	335.348	59.297	86.846	114.160	75.045
Cabezas / Expl.	171,8	9,0	6,9	11,1	25,9	4,6
Caprino						
Explotacións	60.752	8.036	1.545	2.056	1.299	3.136
Cabezas de gando	2.743.149	48.532	6.147	16.882	16.481	9.022
Cabezas / Expl.	45,2	6,0	4,0	8,2	12,7	2,9
Porcino						
Explotacións	218.110	109.010	35.883	28.773	19.169	25.185
Cabezas de gando	22.079.591	1.239.797	365.961	245.242	330.850	297.744
Cabezas / Expl.	101,2	11,4	10,2	8,5	17,3	11,8
Aves						
Explotacións	329.020	164.125	54.565	36.236	26.904	46.420
Cabezas de gando	182.446.364	20.143.658	1.900.519	4.729.740	7.167.005	6.346.394
Cabezas / Expl.	554,5	122,7	34,8	130,5	266,4	136,7

Fonte: INE, Censo agrario 1999

case que tódolos subsectores gandeiros agás no caso das aves e traballo animal, onde permanece practicamente constante.

Entre os distintos subsectores gandeiros cómpre salienta-la importancia do subsector lácteo en Galicia, xa que a súa produción total agraria no ano 1999, a pesares do seu descenso do 3,2% respecto ó ano anterior, supuña o 48,5% do valor total PTA galega. A PTA do sector lácteo ascendeu a 581,6 millóns de euros, dos que 525 millóns corresponden á PFA (representa o 52,1% da PFA do sector gandeiro en Galicia).

A partires do *Censo agrario 1999*, o **cadro 3.2.29.** reflicte o número de cabezas e explotacións gandeiras en Galicia e a súa comparación co total estatal. A meirande parte das explotacións corresponden ás explotacións de aves e de gando porcino, que acollen a metade das explotacións deste tipo existentes no conxunto do estado. No caso do gando bovino, estas explotacións representan o 40% das explotacións españolas.

No caso das cabezas de gando, as 1.084.912 reses de gando bovino significan o 17% das reses estatais, sendo esta porcentaxe do 11% no caso das aves. Pola contra, a

importancia relativa do gando ovino e caprino no total estatal é inferior ó 2%.

Atendendo á relación entre cabezas de gando e número de explotacións, Galicia caracterízase polo reducido tamaño das súas explotacións en comparación co conxunto do estado. Así, no caso da aves, do gando porcino e do bovino, que son os que presentan o maior número de explotacións e número de cabezas de gando, estas porcentaxes ascenden en Galicia a 123, 11 e 14, respectivamente, fronte ás 554, 101 e 32 no conxunto do estado.

Centrándonos no gando bovino, os **cadros 3.2.30. e 3.2.31.** amosan as principais variables relativas ás explotacións con vacas e ás explotacións leiteiras segundo a *Enquisa de bovino 2000*. O devandito **cadro 3.2.30.** reflicte que o número total de explotacións con vacas acadou as 75.910 (un 6,0% menos que en 1999), sendo a súa superficie media de 11,8 hectáreas, 2 hectáreas máis que no ano anterior. O número total de vacas no ano 2000 foi de 709.492, un 1,7% máis que en 1999, sendo o número medio de vacas por explotación de 9,3 vacas (8,6 vacas no ano anterior).

Das 248.490 persoas de 16 ou máis anos

CADRO 3.2.30.

Explotacións con vacas 1997-00

	1997	1999	2000	00/99
				(%)
Explotacións con vacas:				
nº de explotacións	83.954	80.753	75.910	-6,0
nº de vacas	687.206	697.537	709.492	1,7
nº medio de vacas por explotación	8,2	8,6	9,3	8,1
	(en Ha.)			
superficie total:	777.568	790.624	898.081	13,6
superficie de prados e cultivos:	513.726	539.025	585.105	8,5
superficie forraxeira:	459.031	511.466	538.903	5,4
superficie media por explotación:	9,3	9,8	11,8	
	(%)			
Explotacións con:				
subministración eléctrica regular ou suficiente	89,2	94,2	93,9	
acceso rodado suficiente	88,5	98,4	97,0	
teléfono	84,5	88,5	88,0	
tractor	73,4	73,2	78,0	
autocargador	23,3	20,8	25,5	
empacadora	22,0	23,0	20,7	
nº de explotacións con investimentos no ano	24.480	31.705	16.452	
	(en miles de €)			
Investimentos en:				
terras	40.171,6	7.428,5	17.513,5	135,8
construcións	50.551,1	58.442,4	56.747,6	-2,9
gando	30.309,0	17.717,8	14.634,6	-17,4
equipos de muxidura	5.865,9	10.884,3	10.728,1	-1,4
sistemas de refrixeración do leite	2.602,4	5.715,6	2.362,0	-58,7
tractor	41.728,3	48.357,4	41.596,0	-14,0
outra maquinaria	38.687,1	28.818,5	35.543,9	23,3
cota láctea	23.764,0	12.428,9	29.233,2	135,2
Traballo familiar (persoas de 16 anos ou máis):	225.158	255.641	248.490	-2,8
titulares de explotación	82.665	79.963	74.966	-6,2
resto	142.493	175.678	173.524	-1,2
	(%)			
titulares de 16 a 44 anos	24,7	24,8	27,0	
titulares de 45 a 64 anos	54,9	53,7	52,0	
titulares de 65 anos ou máis	20,4	21,5	21,0	

Fonte: IGE, Enquisa de bovino 2000

CADRO 3.2.31.

Explotacións de leite 1997-00

	1997	1999	2000	00/99
				(%)
Explotacións leiteiras:				
nº de explotacións con vacas de muxidura	53.847	32.138	33.041	2,8
nº de vacas de muxidura	505.143	424.396	446.257	5,2
nº de vacas que non se moxen	32.187	30.002	41.455	38,2
total vacas	537.330	454.398	487.711	7,3
nº medio de vacas de muxidura por explotación	9,4	13,2	13,5	2,3
nº de vacas frisonas	436.826	409.947	427.635	4,3
	(%)			
Explotacións leiteiras:				
que recrían xovencas	69,3	85,7	77,3	
con muxidura mecánica	64,2	86,9	80,0	
con sistema de refrixeración do leite	58,2	80,5	74,6	
que usan deterxentes na limpeza dos equipos	61,1	80,2	71,3	
que desinfectan as ubres	56,8	69,0	65,7	
que tratan preventivamente a mamite	52,9	67,2	62,2	
	(%)			
Vacas de muxidura en explotacións con:				
muxidura mecánica	91,0	98,0	97,5	
sistema de refrixeración do leite	89,6	96,5	96,0	
	(%)			
Leite producido en explotacións con:				
muxidura mecánica	96,8	99,1	99,6	
tanque de refrixeración	96,2	98,0	98,8	
miles de litros de leite producido (1)	525.320	514.273	505.282	-1,7
	(%)			
Leite producido destinado á:				
alimentación dos becerros	4,6	4,2	2,9	
elaboración de queixo	1,5	0,6	0,7	
autoconsumo familiar	2,3	1,4	1,3	
venda directa	0,2	0,1	-	
entrega á industria transformadora	91,5	93,6	95,1	

(1) de setembro a novembro de cada ano
Fonte: IGE, Enquisa de bovino 2000

CADRO 3.2.32.

Explotacións con vacas 2000

Vacas	Explotacións		Número de vacas			Vacas / Explotación	V. Muxid/Expl. Leiteiras
	Total	Con vacas de muxidura	Total	Muxidura	Non se moxen		
1 a 2	25.341	5.066	34.247	6.631	27.616	1,4	1,3
3 a 4	11.768	2.938	40.707	8.823	31.884	3,5	3,0
5 a 9	14.368	6.420	96.139	38.585	57.554	6,7	6,0
10 a 19	13.405	9.539	183.104	115.816	67.288	13,7	12,1
20 a 29	6.181	4.865	145.902	106.685	39.217	23,6	21,9
30 a 49	3.844	3.456	138.033	116.930	21.103	35,9	33,8
>= 50	1.003	758	71.360	52.787	18.573	71,1	69,6
Total	75.910	33.042	709.492	446.257	263.235	9,3	13,5

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos IGE, Enquisa de bovino 2000

CADRO 3.2.33.

Explotacións con vacas: superficie total 2000

Vacas	Superficie total da explotación					Total
	<2,5	2,5 - 5,0	5,0 - 10,0	10,0 - 20,0	>=20,0	
	(en hectáreas)					
1 a 2						
Explotacións	13.545	5.049	3.507	2.377	864	25.341
Vacas	17.562	7.248	4.668	3.467	1.301	34.247
Hectáreas	16.110	16.169	22.698	33.075	34.283	122.336
3 a 4						
Explotacións	1.870	2.873	3.976	1.711	1.337	11.768
Vacas	6.374	9.498	13.899	5.987	4.949	40.707
Hectáreas	2.638	10.285	28.612	22.400	37.032	100.967
5 a 9						
Explotacións	270	2.582	5.664	4.385	1.465	14.368
Vacas	1.768	16.211	37.499	30.479	10.181	96.139
Hectáreas	484	9.798	41.701	59.843	52.705	164.532
10 a 19						
Explotacións	85	526	3.535	5.652	3.608	13.405
Vacas	1.224	7.289	45.360	78.627	50.604	183.103
Hectáreas	142	2.010	26.051	80.887	116.779	225.869
20-29						
Explotacións	-	60	447	2.987	2.686	6.181
Vacas	-	1.247	10.298	69.565	64.792	145.903
Hectáreas	-	207	3.587	43.747	78.627	126.167
30-49						
Explotacións	-	20	95	1.376	2.354	3.844
Vacas	-	637	3.302	48.407	85.688	138.034
Hectáreas	-	68	743	21.062	78.609	100.482
>= 50						
Explotacións	-	-	2	135	866	1.003
Vacas	-	-	147	7.395	63.817	71.360
Hectáreas	-	-	10	2.130	55.588	57.728
Total						
Explotacións	15.770	11.110	17.226	18.623	13.180	75.909
Vacas	26.928	42.130	115.173	243.927	281.332	709.490
Hectáreas	19.374	38.537	123.402	263.144	453.623	898.080

Fonte: IGE, Enquisa de bovino 2000

CADRO 3.2.34.

Investimentos nas explotacións con vacas 2000

	Total		1-9 vacas		10-19 vacas		>=20 vacas	
	Explotacións	Investimento	Explotacións	Investimento	Explotacións	Investimento	Explotacións	Investimento
	(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)		(en miles de €)	
Maquinaria	8.450	77.135,7	1.610	8.319,8	3.058	25.213,7	3.782	43.602,8
Tractor	2.325	41.593,0	543	5.203,0	811	13.434,4	971	22.956,3
Outra maquinaria	6.125	35.542,7	1.067	3.116,8	2.247	11.779,2	2.811	20.646,6
Equipos do leite	1.373	13.094,3	72	163,5	726	4.537,0	573	8.394,3
Equipos muxidura	926	10.730,5	72	163,5	504	3.798,4	349	6.768,6
Tanque de frío	447	2.363,8	-	-	222	738,6	224	1.625,7
Construcións	2.508	56.747,0	43	256,6	737	10.869,9	1.727	45.620,4
Terras	1.811	17.511,1	841	7.295,7	325	3.476,9	645	6.737,9
Vacas e xovencas	5.565	14.635,8	2.750	3.755,1	1.661	4.512,4	1.155	6.368,3
Cota láctea	3.070	29.233,2	151	181,5	706	4.671,1	2.213	24.380,7
Outros investimentos	121	691,2	-	-	21	19,8	100	671,3
Total	16.452	209.048,2	5.097	22.102,8	4.941	53.300,8	6.415	135.775,8

Fonte: IGE, Enquisa de bovino 2000

que traballan neste tipo de explotacións, 74.966 persoas (un 6,2% menos que en 1999) corresponden a titulares das mesmas. Atendendo á súa desagregación por idades, hai que salientar que case tres cuartas partes dos titulares das explotacións teñen máis de 45 anos.

No caso das **explotacións leiteiras**, o número total de explotacións con vacas de muxidura foi de 33.041, sendo o número medio de vacas de muxidura por explotación de 13,5 vacas. Comparado co ano anterior, no 2000 prodúcese un aumento tanto no caso do número de explotacións como no do número de vacas de muxidura, pasando o número medio de vacas por explotación de 13,2 a 13,5 animais.

Respecto á produción de leite, o devandito **cadro 3.2.31**. amosa que a práctica totalidade da produción entrégase á industria transformadora (o 95,1%), mentres que un 2,9% dedícase á alimentación de becerros, un 1,3% ó autoconsumo familiar e un 0,7% á elaboración de queixo.

Atendendo á distribución segundo o número de vacas por explotación, o **cadro 3.2.32**. reflicte que unha terceira parte das explotacións de vacún (25.341 explotacións) teñen unha ou dúas vacas, e acollen algo menos do 5% (34.247) do total das vacas galegas. A superficie media deste tipo de explotacións no ano 2000 é de 4,8 hectáreas por explotación. No caso das explotacións de leite, predominan as que teñen entre 10 e 19 vacas (9.539 explotacións) seguidas que acollen entre 5 e 9 vacas de muxidura, con 6.420 explotacións.

No concernente ó investimento nas explotacións con vacas, o **cadro 3.2.34**. reflicte que nas 16.452 explotacións con investimentos no ano 2000, investíronse un total de 209 millóns de euros, o que supón un investimento medio de 12.707 euros por explotación. O investimento diríxese fundamentalmente á compra de maquinaria, con 77,1 millóns de euros e a construcións, con

56,7 millóns de euros, sendo o seu investimento medio de 9.128 euros e 22.626 euros, respectivamente.

Atendendo á desagregación do investimento segundo o tamaño das explotacións, o devandito **cadro 3.2.34**. amosa que nas 5.097 explotacións con menos de dez vacas o investimento medio ascendeu a 4.336 euros. Os principais destinos do investimento foron a maquinaria, con 8,3 millóns de euros, e as terras, con 7,3 millóns de euros.

Nas 4.941 explotacións que acollen entre 10 e 19 vacas, o investimento medio foi de 10.787 euros, sendo os seus principais investimentos os de maquinaria e construcións, con 25,2 e 10,9 millóns de euros. Nas explotacións con máis de 20 vacas, o investimento medio ascendeu a 21.165 euros, e os principais investimentos foron os de construcións, con 45,6 millóns de euros, e o de maquinaria, con 43,6 millóns de euros.

Respecto á produción de leite, o *Anuario de Estadística Agraria 2000* reflicte que a produción de leite en Galicia ascendeu a 2.181,1 miles de toneladas, das que 1.969,1 miles de toneladas corresponden á produción de leite comercializada (o 90,3%), e 212 miles de toneladas ó leite consumido ou transformado na explotación (**cadro 3.2.35**).

A **cota leiteira** asignada a Galicia para as campañas 1999/00 e 2000/01, tal e como reflicte o **cadro C.3.12**. (*Cota leiteira asignada ás CC.AA. e número de explotacións. Campañas 1999/00 e 2000/01*), foi de 1.636,4 e 1.667,3 miles de toneladas, respectivamente, o que representa case un 31% da cota leiteira total de España, estando en Galicia aproximadamente o 53% das explotacións (335.661 e 2.097 explotacións, respectivamente).

O **cadro 3.2.36**. reflicte que nas 27.439 explotacións con produción de leite no período setembro-outubro e novembro do 2000 había un total de 435.882 vacas de leite, que

3.

CADRO 3.2.35.

Producción de leite 2000 ⁽¹⁾

	2000				
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
(en miles de litros)					
Leite consumido ou transformado na explotación	212.037	91.277	96.305	6.904	17.551
Alimentación animal	87.630	28.472	46.578	1.001	11.579
Consumo familiar	42.441	12.007	19.625	5.504	5.305
Manteiga	5.583	4.618	592	100	273
Queixo	76.383	46.180	29.510	299	394
Leite comercializado	1.969.102	880.502	812.544	32.328	243.728
Venda directa	7.245	2.771	1.328	1.750	1.396
Venda industrial	1.961.857	877.731	811.216	30.578	242.332
Producción total	2.181.139	971.779	908.849	39.232	261.279

(1) avances

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

CADRO 3.2.36.

Explotacións de leite 2000 ⁽¹⁾

Vacas de leite	Explotacións		Vacas de leite		Producción de leite		
	(nº)	(%)	(nº)	(%)	Total	Comercializado	Consumido/Transformado
(en miles litros)							
1 a 2	2.159	7,9	3.401	0,8	3.208,5	2.162,5	1.046,0
3 a 4	2.581	9,4	9.133	2,1	7.392,4	5.790,8	1.601,6
5 a 9	6.042	22,0	41.881	9,6	37.817,4	33.828,7	3.988,7
10 a 19	8.608	31,4	118.389	27,2	122.710,3	114.505,4	8.204,9
20 a 29	4.234	15,4	100.550	23,1	117.353,7	112.812,3	4.541,4
30 a 49	3.096	11,3	111.166	25,5	143.184,6	139.434,8	3.749,8
>= 50	718	2,6	51.363	11,8	73.614,6	72.097,7	1.516,9
Total	27.439	100	435.882	100	505.281,5	480.632,2	24.649,3

Producción litros /explotación

1 a 1.499	1.990	6,0	5.089	1,1	1.900,0	1.086,9	813,1
1.500 a 2.999	2.420	7,3	9.328	2,1	5.262,5	3.672,6	1.589,9
3.000 a 5.999	3.761	11,4	23.242	5,2	15.889,7	14.143,2	1.746,5
6.000 a 10.499	4.710	14,3	46.534	10,4	38.185,1	33.849,6	4.335,5
10.500 a 17.999	5.101	15,4	73.146	16,4	71.133,1	65.544,3	5.588,8
18.000 a 29.999	4.248	12,9	84.586	19,0	98.545,2	94.442,4	4.102,8
30.000 ou máis	5.209	15,8	193.958	43,5	274.366,1	267.893,2	6.472,9
Total	33.041	100	446.257	100	505.281,5	480.632,1	24.649,4

(1) Producción de leite no período setembro-outubro-novembro de 2000. Non se inclúen nesta serie 5.602 explotacións con 10.375 vacas de leite sen produción neste período.
Fonte: IGE, Enquisa de bovino 2000

CADRO 3.2.37.

Número de reses sacrificadas e produción de carne 1998-99

	Número de reses					
	1999	2000				
	Total	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Bovino	403.935	440.380	126.068	81.810	88.464	144.038
Ovino	70.828	72.501	12.340	7.198	43.767	9.196
Cabrún	34.957	31.902	510	1.647	29.519	226
Porcino	1.277.193	1.222.566	332.699	42.995	25.233	821.639
Equino	1.420	1.263	331	678	96	158
Aves (1)	60.577	64.136	4.167	8.191	29.148	22.630
Coellos (1)	4.825	4.617	1.589	-	-	3.028

Producción de carne

	1999	2000				
	Total	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
(en Tm)						
Bovino	84.024	88.471	28.457	16.618	17.954	25.442
Ovino	569	601	109	65	335	92
Cabrún	207	196	2	13	179	2
Porcino	99.869	94.390	25.001	3.616	1.820	63.953
Equino	184	174	36	113	11	14
Aves	122.574	132.248	7.479	18.723	61.363	44.683
Coellos	5.448	5.376	1.828	-	-	3.548

(1) en miles

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

CADRO 3.2.38.

Presupostos consolidados da Consellería de Pesca 2000-01: distribución dos créditos por programas

	2000	2001	01/00
	(en miles de €)		(%)
Ensinanzas pesqueiras	3.224,4	4.007,5	24,3
Formación Profesional F.S.E.	3.888,5	3.491,9	-10,2
Protección e mellora do medio ambiente	1.626,3	1.723,1	5,9
Protección e mellora do medio natural marítimo	1.893,2	2.949,8	55,8
Dirección e Servizos Xerais de Pesca	11.357,9	11.574,3	1,9
Promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía pesqueira	8.419,6	7.370,2	-12,5
Promoción cooperativa e social e divulgación da tecnoloxía pesqueira. FSE	-	1.874,6	-
Ordenación, reestruturación, fomento e mellora da produción pesqueira de cultivos mariños	25.535,8	14.285,5	-44,1
Regulación das producións e dos mercados pesqueiros	595,0	540,9	-9,1
Plan galego de investigación e desenv. tecnolóxico	3.960,7	4.064,0	2,6
Elab. e difusión estatística	68,5	68,5	0,0
Medio mariño	1.497,1	1.160,0	-22,5
Desenv. sostible da explotación dos recursos mariños	13.117,7	16.728,6	27,5
Transf., conserv. e comerc. dos produtos mariños	23.117,9	30.748,4	33,0
Promoc. produtos pesqueiros e fomento da calidade	3.355,5	3.758,1	12,0
Equipamentos pesqueiros	4.234,7	4.688,5	10,7
Reestruturación e renovación da flota pesqueira	25.590,5	34.963,9	36,6
Servizos ás actividades marítimas	997,7	540,9	-45,8
Total	132.481,1	144.538,6	9,1

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

produciron un total de 505.281 miles de litros, dos que 480.632 comercializáronse. Atendendo á desagregación segundo o número de vacas por explotacións, o devandito cadro amosa que nas explotacións que teñen entre 10 e 19 vacas, o 31,4% das explotacións consideradas, está o 27,2% das vacas e se produce o 24,3% do leite. Pola contra, nas explotacións entre 5 e 9 vacas, que representan o 22% das explotacións, tan só está o 9,6% das vacas de leite, producíndose o 7,5% do leite.

Finalmente, o **cadro 3.2.37.** amosa a produción de carne por tipos. Atendendo ó número de reses sacrificadas, salienta o sector porcino, 1.222.566 porcos sacrificados (un 4,3% menos que no ano anterior), seguido do gando bovino, con 440.380 reses (un 9% superior a 1999).

Atendendo á súa desagregación provincial, Pontevedra destaca no eido do gando porcino ó acoller o 67,2% do total de reses sacrificadas en 2000, así como no caso dos coellos (o 65% do total) e do gando bovino, cun 32,7% do total de sacrificios. Ourense, pola súa banda, é o primeiro produtor de gando ovino e cabrún, dos que abrangue o

60,4% e 92,5% do total de reses sacrificadas, respectivamente.

En termos do número de toneladas producidas, no ano 2000 hai que salientar que no caso do gando porcino a produción caeu un 5,5%, para situarse nas 94.390 toneladas, en tanto que no caso do gando bovino, a produción acadou as 88.471 toneladas, un 5,3% menos que en 1999.

Subsector mar-industria

Segundo a contía dos programas dedicados á pesca que están recollidos nos Presupostos Xerais da Xunta, **cadro 3.2.38.**, as dúas medidas máis importantes son as referidas á “reestruturación e renovación da flota pesqueira”, con 34.963,9 miles de euros (un 36,6% máis que en 2000), e a de “transformación, conservación e comercialización dos produtos mariños”, con 30.748,4 miles de euros (un 33,0% máis que no ano anterior). Estas dúas medidas acollen o 45,5% do presuposto da Consellería de Pesca no ano 2000, cando no ano anterior esta porcentaxe ascendía a 36,8%.

O primeiro programa comprende as

3.

accións dirixidas á reestructuración, renovación e modernización da flota de cara á consecución dunha rápida adaptación dos recursos dispoñibles ás necesidades futuras derivadas da xestión racional dos recursos pesqueiros (a chamada “pesca responsable”).

O programa “transformación, conservación e comercialización de produtos mariños” ten entre os seus obxectivos potencia-la competitividade das empresas do sector mediante a concesión de subvencións de capital que auxilién o financiamento de investimentos encamiñados ó aforro enerxético, á racionalización dos procesos productivos, á utilización de especies novas ou infrautilizadas, etc., así como ó establecemento de novos centros de traballo en zonas socioeconomicamente en declive que permitan a creación de emprego. Asemade, céntrase tamén no achegamento de novas tecnoloxías e na formación dos traballadores para a súa adaptación ós cambios producidos.

3.

• Producción

O primeiro aspecto que se pode salienta da análise da produción é a caída da produción pesqueira e marisqueira en Galicia e do seu valor ó longo do ano 2001, tal e como reflicte o **cadro C.3.13**. (*Producción pesqueira, marisqueira e acuícola 2000-01: distribución segundo especies ou grandes grupos de especies*).

Atendendo á produción pesqueira nos anos 2000 e 2001, os **cadros C.3.13**. e **3.2.39**. reflicten que a produción dos produtos considerados acadou no ano 2001 un total de 134.332,8 toneladas, un 7,3% inferior á rexistrada no ano anterior. Atendendo á desagregación por grandes grupos de especies, este descenso se produce en tódalas categorías agás no caso de “outros invertebrados mariños”. O valor da produción no ano 2001 acadou os 334.863,8 miles de euros, un 3,6% menos que no ano anterior, producíndose este descenso no caso do bivalvos e gasterópodos e nos peixes.

En relación ás distintas zonas pesqueiras, o **cadro 3.2.39**. amosa que a costa lucense segue sendo a que presenta o maior volume de pesca, con 31.426,5 toneladas (un 3,4% máis que no ano 2000), seguíndolle en importancia a ría de Vigo, con 25.350,5 toneladas (9,6% máis co ano anterior) e o arco Ártabro, con 25.183,9 toneladas (3,4% menos que en 2000). Entre estas tres zonas de produción acollen o 61% da produción pesqueira total de Galicia, fronte ó 54,9% do ano anterior.

No caso do valor da produción e a súa distribución por zonas pesqueiras, o **cadro 3.2.40**. reflicte que ría de Vigo é a que acada o maior valor de produción, con 83.423,7 miles de euros, un 11,7% máis que no ano 2000. A costa lucense, onde o valor da produción descendeu un 4,2%, con 82.029,9 miles de euros, e o arco Ártabro, con 61.684,9 miles de euros (un 0,2% máis que en 2000), séguelle en importancia. Entre as tres zonas acaparan o 67,8% do valor total da produción pesqueira galega no ano 2001, 3,9 puntos porcentuais máis que no ano 2000.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que hai tres zonas pesqueiras que rexistran unha medra tanto da produción pesqueira como do valor da mesma: a ría de Vigo, a costa Noroeste e a zona Coruña-Norte.

Asemade, hai que destaca-lo importante descenso experimentado no ano 2001 na produción e no valor da mesma na ría de Arousa. No último ano produce 12.998,5 toneladas menos que no ano 2000 (un 42,8% menos), en tanto que o seu valor descende un 24,1%, (13 millóns de euros menos que ano 2000)

A produción marisqueira en Galicia no ano 2001, **cadro C.3.13**. (*Producción pesqueira, marisqueira e acuícola 2000-01: distribución segundo especies ou grandes grupos de especies*), descendeu un 36,1% respecto ó ano anterior, acadando as 5.124,3 toneladas. Este descenso prodúcese no caso da

CADRO 3.2.39.

Producción pesqueira 2000-01: distribución segundo zonas e especies

	2000					Total
	Cefalópodos	Crustáceos	M. Bivalvos e Gast.	Outros Invertebr. mariños	Peixes	
	(en Tm)					
Costa Lucense	417,9	70,8	29,0	15,1	29.847,8	30.380,6
Coruña-Norte	117,5	105,7	23,5	-	2.080,4	2.327,1
Ría de Ferrol	-	44,0	559,3	21,6	-	624,9
Arco Ártabro	902,4	403,3	101,6	-	24.655,9	26.063,2
Costa Noroeste	418,2	113,1	162,5	77,4	7.523,2	8.294,4
Ría de Muros-Noia	501,4	25,8	1.248,6	10,3	4.914,2	6.700,4
Ría de Arousa	1.247,7	214,9	4.895,6	228,0	23.776,6	30.362,7
Ría de Pontevedra	1.811,0	235,3	67,8	15,5	14.844,8	16.974,5
Ría de Vigo	1.255,5	219,4	933,3	123,7	20.589,3	23.121,3
Total	6.671,8	1.432,4	8.021,3	491,6	128.232,1	144.849,1

	2001 (1)					Total
	Cefalópodos	Crustáceos	M. Bivalvos e Gast.	Outros Invertebr. mariños	Peixes	
	(en Tm)					
Costa Lucense	466,1	67,1	18,8	22,9	30.851,5	31.426,5
Coruña-Norte	164,7	119,5	34,9	-	2.852,6	3.171,8
Ría de Ferrol	-	-	136,6	-	-	136,6
Arco Ártabro	1.060,6	471,0	112,4	4,5	23.535,4	25.183,9
Costa Noroeste	494,9	134,3	98,1	209,7	9.325,3	10.262,2
Ría de Muros-Noia	276,7	18,3	191,6	11,1	7.368,4	7.866,1
Ría de Arousa	526,4	166,8	3.565,1	73,4	13.032,4	17.364,2
Ría de Pontevedra	1.383,5	200,5	55,0	40,2	11.892,0	13.571,1
Ría de Vigo	1.785,8	240,5	911,8	190,9	22.221,3	25.350,5
Total	6.158,8	1.418,0	5.124,3	552,7	121.079,0	134.332,8

(1) datos provisionais

Fonte: Xunta de Galicia: Servicio de Información Pesqueira

CADRO 3.2.40.

Valor da produción pesqueira 2000-01: distribución segundo zonas e especies

	2000					Total
	Cefalópodos	Crustáceos	M. Bivalvos e Gast.	Outros Invertebr. mariños	Peixes	
	(en €)					
Costa Lucense	1.108.026,55	959.363,24	227.702,74	22.974,26	83.343.074,64	85.661.141,43
Coruña-Norte	373.804,62	1.975.491,29	302.310,54	-	5.370.963,39	8.022.569,84
Ría de Ferrol	-	567.796,94	3.552.678,09	19.273,86	-	4.139.748,89
Arco Ártabro	1.581.354,70	5.662.990,26	838.259,65	-	53.487.010,36	61.569.614,97
Costa Noroeste	1.353.642,33	1.682.318,03	1.016.662,02	74.455,21	7.171.872,64	11.298.950,23
Ría de Muros-Noia	797.161,97	282.737,54	5.663.014,72	8.813,84	3.683.294,29	10.435.022,36
Ría de Arousa	3.412.364,41	3.622.680,61	26.631.755,29	241.272,67	20.070.134,43	53.978.207,41
Ría de Pontevedra	3.161.982,93	3.093.075,89	532.861,64	14.687,98	30.874.930,45	37.677.538,89
Ría de Vigo	2.332.620,15	3.223.283,39	5.749.992,55	110.237,34	63.256.257,97	74.672.391,40
Total	14.120.957,66	21.069.737,19	44.515.237,24	491.715,16	267.257.538,17	347.455.185,42

	2001 (1)					Total
	Cefalópodos	Crustáceos	M. Bivalvos e Gast.	Outros Invertebr. mariños	Peixes	
	(en €)					
Costa Lucense	1.428.732,10	1.057.720,03	226.881,92	48.193,53	79.268.409,86	82.029.937,44
Coruña-Norte	541.911,59	2.247.719,93	454.608,72	-	5.140.455,25	8.384.695,49
Ría de Ferrol	-	-	1.159.341,47	-	-	1.159.341,47
Arco Ártabro	2.732.581,02	6.482.999,67	1.081.531,86	6.741,85	51.381.025,84	61.684.880,24
Costa Noroeste	1.857.878,71	2.234.329,21	806.676,98	333.950,11	9.679.801,86	14.912.636,87
Ría de Muros-Noia	961.678,24	264.174,47	1.655.451,02	21.657,47	6.790.643,17	9.693.604,37
Ría de Arousa	2.118.655,47	3.077.444,16	21.770.570,58	112.055,98	13.910.552,04	40.989.278,23
Ría de Pontevedra	3.467.187,10	2.595.012,51	469.371,41	58.586,20	25.995.561,68	32.585.718,90
Ría de Vigo	3.572.377,85	3.780.197,07	7.478.582,79	253.707,31	68.338.864,75	83.423.729,77
Total	16.681.002,08	21.739.597,05	35.103.016,75	834.892,45	260.505.314,45	334.863.822,78

(1) datos provisionais

Fonte: Xunta de Galicia: Servicio de Información Pesqueira

CADRO 3.2.41.

Producción marisqueira 2000-01: distribución segundo zonas e especies

2000								
Relo	Ameixa babosa	Berberecho	Ameixa rubia	Ameixa fina	Ameixa xapónica	Navalla	Outros	Total
(en Tm.)								
Costa Lucense	-	1,8	11,6	-	1,2	-	14,4	29,0
Coruña-Norte	-	1,0	1,6	-	15,9	1,5	3,5	23,5
Ría de Ferrol	0,1	427,4	11,4	-	10,3	-	110,1	559,3
Arco Ártabro	1,2	23,6	20,9	-	45,1	0,0	11,0	101,6
Costa Noroeste	0,0	2,4	55,5	15,2	27,3	32,5	18,2	162,5
Ría de Muros-Noia	2,4	41,2	1.091,6	0,2	107,8	-	0,4	1.248,6
Ría de Arousa	993,6	955,6	1.293,9	371,5	425,3	654,9	18,1	4.895,6
Ría de Pontevedra	0,4	6,8	8,3	3,2	18,9	0,6	4,4	67,8
Ría de Vigo	42,7	248,7	299,0	74,2	47,4	32,2	132,4	933,4
Total	1.040,4	1.708,5	2.793,7	464,3	699,1	721,7	481,6	8.021,4

2001 (1)								
Relo	Ameixa babosa	Berberecho	Ameixa rubia	Ameixa fina	Ameixa xapónica	Navalla	Outros	Total
(en Tm.)								
Costa Lucense	-	2,3	0,7	-	0,8	-	15,1	18,8
Coruña-Norte	-	0,8	0,6	-	14,1	-	3,2	34,9
Ría de Ferrol	0,8	114,2	9,4	-	5,6	-	6,6	136,6
Arco Ártabro	1,1	35,0	31,8	-	38,9	-	5,5	112,4
Costa Noroeste	0,5	2,7	31,1	-	14,3	26,0	15,3	98,1
Ría de Muros-Noia	7,6	20,9	110,1	5,4	45,2	-	2,3	191,6
Ría de Arousa	1.031,0	534,8	691,5	347,5	261,8	331,4	347,4	3.565,1
Ría de Pontevedra	0,2	2,3	0,2	21,5	2,3	0,8	4,0	55,0
Ría de Vigo	130,8	314,1	107,7	107,2	42,1	40,1	102,5	911,8
Total	1.171,9	1.027,0	983,1	481,7	425,1	414,6	501,9	5.124,3

(1) datos provisionais

Fonte: Xunta de Galicia: Servizo de Información Pesqueira

3.

CADRO 3.2.42.

Valor da produción marisqueira 2000-01: distribución segundo zonas e especies

2000								
Relo	Ameixa babosa	Berberecho	Ameixa rubia	Ameixa fina	Ameixa xapónica	Navalla	Outros	Total
(en miles de €)								
Costa Lucense	-	19,5	31,4	-	19,6	-	157,2	227,7
Coruña-Norte	-	9,1	3,7	-	243,6	11,9	34,0	302,3
Ría de Ferrol	0,0	2.920,2	19,3	-	152,0	-	461,1	3.552,7
Arco Ártabro	1,4	136,1	41,2	-	583,2	0,1	76,2	838,3
Costa Noroeste	0,0	19,5	116,1	56,0	344,2	170,2	199,7	1.016,7
Ría de Muros-Noia	0,9	383,1	3.488,3	1,0	1.761,1	4,8	23,8	5.663,0
Ría de Arousa	782,0	9.097,8	2.963,3	1.866,9	6.908,5	3.976,8	861,1	26.631,8
Ría de Pontevedra	0,3	51,4	15,1	19,3	154,9	3,0	33,9	532,9
Ría de Vigo	64,5	2.582,3	769,1	449,8	764,2	216,3	240,8	5.750,0
Total	849,2	15.219,1	7.447,5	2.393,1	10.931,2	4.378,3	2.087,8	44.515,2

2001 (1)								
Relo	Ameixa babosa	Berberecho	Ameixa rubia	Ameixa fina	Ameixa xapónica	Navalla	Outros	Total
(en miles de €)								
Costa Lucense	0,0	30,1	1,9	0,0	15,0	0,0	179,8	226,9
Coruña-Norte	0,0	6,7	1,8	0,0	264,4	0,0	35,7	454,6
Ría de Ferrol	0,4	994,8	27,8	0,0	102,5	0,0	33,7	1.159,3
Arco Ártabro	0,7	292,2	103,0	0,0	625,9	0,0	59,8	1.081,5
Costa Noroeste	0,7	26,1	113,4	0,0	226,9	183,1	175,7	806,7
Ría de Muros-Noia	6,4	234,4	454,5	34,3	916,6	0,0	9,2	1.655,5
Ría de Arousa	1.116,8	6.471,6	2.468,6	2.369,5	5.632,1	3.007,7	485,2	21.770,6
Ría de Pontevedra	0,1	21,2	0,8	131,7	37,8	6,6	17,9	469,4
Ría de Vigo	229,5	3.785,8	401,6	813,3	818,0	381,3	235,6	7.478,6
Total	1.354,6	11.863,1	3.573,4	3.348,8	8.639,2	3.724,8	1.232,6	35.103,0

(1) datos provisionais

Fonte: Xunta de Galicia: Servizo de Información Pesqueira



CADRO 3.2.43.

Producción estimada da acuicultura mariña 1999-00: distribución segundo especies

	1999		2000 (1)	
	Producción (en Tm)	Valor da produción (en miles de €)	Producción (en Tm)	Valor da produción (en miles de €)
Cefalópodos	32,9	153,6	27,5	116,3
Polbo	32,9	153,6	27,5	116,3
Moluscos cultivados en parque	1.712,6	7.922,8	2.588,0	11.109,6
Ameixa babosa	400,4	2.505,7	323,9	812,9
Ameixa fina	120,1	1.236,4	112,5	1.304,7
Ameixa xaponesa	752,2	3.541,1	1.828,9	8.405,7
Berberecho	439,9	639,6	322,6	586,3
Moluscos cultivados en viveiro	266.818,9	118.483,3	247.531,5	109.606,1
Mexillón	263.434,6	106.926,2	244.127,7	98.030,7
Ostra plana	3.332,4	11.439,1	3.381,9	11.522,3
Ostra rizada	40,5	49,1	14,9	18,0
Pectínidos	11,4	68,9	7,0	35,2
Peixes	3.175,0	23.604,6	3.203,6	22.437,4
Rodaballo	2.557,4	22.047,1	2.978,2	21.764,8
Salmón	617,6	1.557,5	225,4	672,6
Total	271.739,3	150.164,4	253.350,7	143.269,4

(1) datos provisionais

Fonte: Xunta de Galicia: Servicio de Información Pesqueira

ameixa babosa, fina e xapónica, e sobre todo, no berberecho, que experimenta unha caída do 64,8%. O valor da produción marisqueira acadou os 35.103 miles de euros, un 21,1% menos que no 2000, producíndose a caída do valor da mesma, no berberecho (52%) e nas ameixas fina, xapónica e babosa.

Atendendo á súa distribución por zonas, os **cadros 3.2.41. e 3.2.42.** amosan a importancia que ten a ría de Arousa, que acolle o 69,6% da produción marisqueira total de Galicia (3.565,1 toneladas) e o 62% do valor total da produción marisqueira galega no ano 2001 (21.770,6 miles de euros). Comparado co ano anterior, os devanditos cadros reflicten un descenso do 27,2% da produción e do 18,3% do seu valor.

En último lugar, os **cadros C.3.13. (Producción pesqueira, marisqueira e acuícola 2000-01: distribución segundo especies ou grandes grupos de especies)** e **3.2.43.** reflicten que a produción acuícola no ano 2000 foi 253.350,7 toneladas (un 6,8% inferior á experimentada en 1999), sendo o valor da mesma de 143.269,4 miles de euros (un 4,8% menos que no ano anterior). Atendendo ós diferentes tipos de especies, cómpre salienta-la importancia do mexillón en Galicia, que significa o 96,4% da produción acuícola galega, cun

total de 244.127,7 toneladas, e o 68,5% do valor da mesma, con 98.030,7 miles de euros.

• Emprego

O número de persoas ocupadas no sector pesqueiro galego descendeu ó longo do ano 2001, pasando dos 36,0 miles de persoas de 2000 ós 32,7 miles de ocupados do ano 2001. Neste ano, o peso relativo da ocupación do subsector pesqueiro no total galego reduciuse tres décimas ata situarse no 3,3%. A provincia de Pontevedra acolle a 16,9 miles de persoas ocupadas neste subsector (51,7% da poboación galega dedicada á pesca) e A Coruña acolle un total de 13,6 miles de ocupados (41,6% dos ocupados na pesca).

O emprego neste subsector presenta unha concentración na poboación ocupada con idades comprendidas entre os 25 e 54 anos superior á rexistrada para o conxunto da economía galega, ó acoller este grupo de idade o 82,1% da poboación ocupada na pesca (26,85 miles de persoas) fronte o 73,1% na economía galega (721,7 miles de ocupados).

• Indicadores empresariais

Tal e como reflicte o **cadro 3.2.44.**, o subsector mar-industria está constituído,

3.

CADRO 3.2.44.

Complexo mar-industria 2000: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
		(en millóns de €)				
Extracción pesqueira e actividades relacionadas	250	663,41	206,82	71,43	896,67	24
Acuicultura	32	70,53	19,02	8,59	120,76	17
Elab., manip., depós. e conservación de pescado	80	1.169,79	192,15	49,72	824,93	115
Almacenes frigoríficos de depósito	20	58,91	19,01	5,87	89,44	23
Distribución maiorista de pescados e mariscos	336	1.696,25	96,29	26,98	661,76	9
Distribución minorista de pescados e mariscos	13	15,20	1,66	0,29	5,59	10
Total	731	3.674,09	534,95	162,89	2.599,13	27
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	5,90	8,84	6,68	6,64	8,16	

Fonte: Ardán

CADRO 3.2.45.

Complexo mar-industria 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1999	2000	00/99
	(en millóns de €)		(%)
Vigo	148,27	158,36	6,8
Cangas	28,33	35,38	24,9
Ribeira	33,44	33,83	1,2
A Coruña	32,15	33,50	4,2
Carballo	25,75	28,62	11,2
Boiro	16,91	24,55	45,2
Redondela	22,18	24,21	9,2
Marín	23,19	23,34	0,6

Fonte: Ardán

3.

segundo a metodoloxía empregada polo Ardán, por un total de 731 empresas que presentan un emprego medio de 27 traballadores por empresa, segundo os datos facilitados polas mesmas. Os seus ingresos de explotación ascenderon a 3.674,1 millóns de euros (o 8,8% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 535 millóns de euros (o 6,7%).

O devandito cadro reflicte que o grupo de actividades relacionadas coa distribución de peixes e mariscos é o que engloba o maior número de empresas (336 empresas) e o que presenta o maior volume de ingresos de explotación, con 1.696,3 millóns de euros (o 46,2% dos ingresos de explotación totais do subsector). Comparado co resto das actividades englobadas neste subsector, este é o grupo de actividades con menor emprego medio por empresa segundo os seus propios datos.

En termos do VEB xerado, os grupos de

actividades máis importante corresponden ós de extracción pesqueira e actividades relacionadas (250 empresas) e as de elaboración, manipulación e conservación de peixe (80 empresas). En conxunto, estas empresas acoñen as tres cuartas partes do VEB total xerado polo subsector.

O principal **núcleo** de localización segundo ó valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas, **cadro 3.2.45.**, é Vigo cun total de 158,4 millóns de euros, un 6,8% máis que no ano anterior, seguido de Cangas, cun valor engadido bruto xerado de 35,4 millóns de euros, un 24,9% máis que en 1999. Ó contrario do acontecido no ano anterior, cómpre salientar que os 8 municipios considerados presentan unha medra no seu VEB xerado, salientando o caso de Boiro, cun incremento do 45,2%.

A **conta de explotación** agregada das 731 empresas pertencentes a este subsector,

CADRO 3.2.46.

Evolución da actividade no complexo mar-industria 1998-99: ingresos, custos e resultados

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	3.398,88	100	3.674,09	100	8,1
Consumo e outros gastos de explotación	2.910,46	85,63	3.139,14	85,44	7,9
Valor engadido bruto a custo dos factores	488,42	14,37	534,95	14,56	9,5
Gastos de persoal	307,64	9,05	337,54	9,19	9,7
Resultado económico bruto da explotación	180,78	5,32	197,41	5,37	9,2
Amortizacións	85,02	2,50	93,53	2,55	10,0
Resultado económico neto da explotación	95,76	2,82	103,88	2,83	8,5
Resultado financeiro	-27,87	-0,82	-32,11	-0,87	-15,2
Ingresos financeiros	23,26	0,68	44,36	1,21	90,7
Gastos financeiros	51,13	1,50	76,47	2,08	49,6
Resultado de actividades ordinarias	67,89	2,00	71,77	1,95	5,7
Resultado de actividades extraordinarias	25,57	0,75	31,68	0,86	23,9
Resultado antes de impostos	93,46	2,75	103,45	2,82	10,7
Impostos	27,78	0,82	30,92	0,84	11,3
Resultado neto do exercicio	65,68	1,93	72,53	1,97	10,4
Cash-flow	145,73	4,29	162,89	4,43	11,8

Fonte: Ardán

CADRO 3.2.47.

Evolución do investimento e do financiamento no complexo mar-industria 1999-00

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	2.375,11	100	2.599,13	100	9,4
Activo fixo (neto)	999,83	42,10	1.116,20	42,95	11,6
Gastos amortizables	7,04	0,30	7,35	0,28	4,3
Inmovilizado inmaterial	33,67	1,42	41,93	1,61	24,5
Inmovilizado material	648,13	27,29	694,16	26,71	7,1
Outro inmovilizado	310,63	13,08	371,55	14,30	19,6
Outro activo fixo	0,36	0,01	1,22	0,05	242,1
Circulante neto	1.375,28	57,90	1.482,93	57,05	7,8
Existencias	354,70	14,93	385,57	14,83	8,7
Debedores	817,00	34,40	857,29	32,98	4,9
Tesourería	112,10	4,72	112,10	4,31	0,0
Outro activo circulante	91,48	3,85	127,96	4,92	39,9
Fontes de financiamento	2.375,11	100,00	2.599,13	100,00	9,4
Financiamento permanente	1.285,42	54,12	1.381,48	53,15	7,5
Fondos propios	735,48	30,97	804,90	30,97	9,4
Recursos alleos l/p	391,89	16,50	404,39	15,56	3,2
Ingresos distribuídos en varios exercicios	158,05	6,65	172,18	6,62	8,9
Acreeedores a curto prazo	1.089,69	45,88	1.217,65	46,85	11,7
Fondo de rotación	285,59	12,02	265,27	10,21	-7,1

Fonte: Ardán

cadro 3.2.46., reflicte que no ano 2000 as empresas do subsector mar-industria consideradas no seu conxunto presentaron unha medra do seu resultado neto do exercicio do 10,4% para situarse nos 72,5 millóns de euros. O resultado antes de impostos creceu un 10,7%, acadando os 103,5 millóns de euros.

O resultado de actividades ordinarias aumentou no ano 2000 un 5,7% respecto ó ano precedente, para acadalos 71,8 millóns de euros, o que significa o 2% dos ingresos de explotación, que medraron un 8,1% respecto ó ano 1999. O VEB a custo de factores experimentou unha medra do 9,5%, polo que a súa importancia relativa nos ingresos de explota-

CADRO 3.2.48.

Complexo mar-industria 1999-00: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	5,05	8,26	16,76	26,00	10,94	17,90	1,45	3,08	0,91	1,01	3,14	3,40
1999	6,51	10,90	15,31	26,32	10,16	17,88	1,72	3,16	0,78	0,94	3,04	3,44

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	4,92	6,15	2,30	3,38	1,71	1,84	10,55	15,97	2,24	2,34	1,67	2,49
1999	5,35	6,33	2,46	3,40	1,71	1,85	12,36	17,99	2,05	2,19	1,71	2,59

Fonte: Ardán

ción, medrou dende o 14,4% de 1999 ata o 14,6% de 2000.

3.

Xunto a este crecemento do resultado neto do exercicio e do resultado de actividades ordinarias, hai que salientalo importante aumento experimentado polos gastos financeiros, que medran un 49,6% no ano 2000 respecto ó ano precedente (o seu peso relativo pasa do 1,5% ó 2,1% do ano 2000), e polos ingresos financeiros, que aumentan un 90,7% respecto ó ano 1999 (o peso relativo é do 1,2% fronte ó 0,7% do ano anterior).

En relación ó estudo do **balance** agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.2.47.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 17,9% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 265,3 millóns de euros, un 7,1% inferior ó existente o ano anterior. O 82,1% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 53,2% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 9,4% respecto ó ano anterior, supoñen o 31% do financiamento total. Os recursos alleos a

longo prazo medraron un 3,2%, cun peso relativo do 15,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 2.599,1 millóns de euros, un 9,4% superior ó valor de 1999, dos que 1.116,2 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 11,6% superior respecto ó ano anterior). Os 1.482,9 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 7,8% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.2.48.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, un aumento do peso relativo dos gastos de persoal e unha medra da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 3,2 puntos inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 9,2 puntos porcentuais.

O devandito **cadro 3.2.48.** amosa a caída da rendibilidade económica no ano

CADRO 3.2.49.

Achega do subsector forestal á produción final agraria 1999

	Producción total	Reemprego no sector agrario (en miles de €)	Contribución á produción final agraria
A Coruña	104.243,2	2.963,0	101.280,2
Lugo	107.510,0	8.612,5	98.897,5
Ourense	22.722,4	4.123,5	18.598,9
Pontevedra	63.213,8	10.097,0	53.116,8
Total	297.689,4	25.796,0	271.893,4

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

CADRO 3.2.50.

Producción de madeira e leña 2000: distribución segundo especies

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia
	(en m ³ con cortiza)				
Coníferas	1.104.494	734.734	405.419	647.257	2.891.904
Piñeiro silvestre	207	18.942	14.817	280	34.246
Piñeiro pinaster	963.954	465.599	347.360	478.043	2.254.956
Piñeiro radiata	140.333	248.087	43.242	162.653	594.315
Outros	-	2.106	-	6.281	8.387
Fronchosas	1.129.006	742.964	39.654	929.965	2.841.589
Bidueiro	2.813	14.891	4.360	1.118	23.182
Castiñeiro	-	7.185	3.814	225	11.224
Carballo	9.725	37.443	16.043	16.915	80.126
Eucalipto	1.107.853	654.150	9.568	906.498	2.678.069
Outras frondosas	8.615	29.295	5.869	5.209	48.988
Total madeira	2.233.500	1.477.698	445.073	1.577.222	5.733.493

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

3.

2000 por mor da evolución da marxe, e o decrecemento da rendibilidade financeira antes de impostos influenciada pola evolución da rendibilidade económica e o crecemento do custo da débeda.

Subsector silvicultura-madeira

A produción total do subsector silvicultura-madeira ascendeu no ano 1999 a 297.689,4 miles de euros, dos que 271.893,4 corresponden á achega á produción final (un 23% superior ó rexistrado no ano anterior). En termos monetarios, o **cadro 3.2.49.** reflicte que Lugo e A Coruña son as que presentan unha maior produción total, con 107.510 e 104.243,2 miles de euros, respectivamente. Estas dúas provincias acollen máis do 70% da produción total e da produción final do subsector forestal.

O **cadro 3.2.50.** reflicte a produción de madeira atendendo a súa distribución por

especies. En Galicia, a produción no ano 2000 ascendeu a 5.733,5 miles de metros cúbicos con cortiza, dos que o 50,4% corresponde ás coníferas e o restante 49,6% a especies frondosas. As especies máis importantes en canto á súa produción se refire son o eucalipto e o piñeiro pinaster, que representan o 46,7% e 39,3%, respectivamente.

A provincia de A Coruña acolle o 39% da produción total de madeira de Galicia, seguida de Pontevedra e Lugo, co 27,5% e 25,8%. Atendendo á desagregación segundo especies, cómpre salientar que na provincia de Ourense, o 91,1% da súa produción corresponde á coníferas e na provincia de Pontevedra predominan as especies frondosas, que representan o 59% da súa produción.

Atendendo ó destino da produción de madeira en 2000, o **cadro 3.2.51.** reflicte que a meirande parte da produción corresponde

Producción de madeira 2000: distribución segundo destino industrial

	Toros		Madeira para trituração		Redondos	Outros usos	Total
	Para serra e travesas	Para chapas	Para taboleiros	Para Pastas (en m ³ sen cortiza)	Pexas de mina		
A Coruña	458.286	53.016	492.572	815.832	-	57.414	1.877.120
Lugo	339.064	54.221	279.560	531.501	-	37.249	1.241.595
Ourense	229.005	-	107.031	5.536	16.216	1.443	359.231
Pontevedra	443.796	51.781	160.013	613.777	25.890	40.918	1.336.175
Total	1.470.151	159.018	1.039.176	1.966.646	42.106	137.024	4.814.121

Fonte: Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Anuario de estatística agraria 2000

a madeira para trituração, co 62,4%, seguida do destino de toros, co 33,8%. Este predomínio prodúcese en tódalas provincias galegas agás en Ourense, onde a produción de toros representa o 63,7% e a de madeira para trituração, o 31,3%.

• *Indicadores empresariais*

O subsector silvicultura-madeira está constituído, seguindo a metodoloxía empregada polo Ardán, por un total de 806 empresas, **cadro 3.2.52.**, que presentan un emprego medio de 18 traballadores por empresa, segundo os seus propios datos. Estas empresas tiveron uns ingresos de explotación de 2.031,8 millóns de euros (o 4,9% do total galego) e xeraron un VEB total a custo de factores de 396,3 millóns de euros (o 4,9%).

O devandito cadro reflicte que os grupos de actividades directamente relacionados coa produción ou fabricación, 446 empresas en 2000, acollen o 63,8% dos ingresos de explotación e xeran o 72,5% do VEB a custo de factores deste subsector. Dentro destas actividades salientan as 17 empresas dedicadas á fabricación de chapas, taboleiros, aglomerados e fibras, que presentan uns ingresos de explotación de 658 millóns de euros (o 32,4% dos ingresos totais deste subsector) e un VEB de 122,9 millóns de euros (o 31% do VEB total), sendo o seu emprego medio de 128 traballadores por empresa.

En termos do número de empresas, as actividades de distribución polo miúdo de

mobles e as de distribución por xunto de madeiras e chapas son as máis importantes, con 162 e 134 empresas, respectivamente. Estas 296 empresas, en conxunto, xeran un valor engadido bruto a custo de factores de 80,2 millóns de euros, o 20,2% do VEB total xerado neste subsector.

O principal **núcleo** de localización segundo o valor engadido bruto a custo de factores xerado polas empresas, **cadro 3.2.53.**, é Santiago cun total de 80,3 millóns de euros, un 4% máis que no ano anterior, seguido de Vigo, cun valor engadido bruto xerado de 25,4 millóns de euros, un 11,5% máis que en 1999.

A **conta de explotación** agregada das 806 empresas pertencentes a este subsector, **cadro 3.2.54.**, reflicte que no ano 2000 as empresas do subsector silvicultura-madeira consideradas no seu conxunto presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 1,8% para situarse nos 66,6 millóns de euros. O resultado antes de impostos caeu un 2,6%, acadando os 95,3 millóns de euros.

O resultado de actividades ordinarias no ano 2000 rexistrou un descenso do 8,3% respecto ó ano precedente, para acadalos 84,8 millóns de euros, o que significa o 4,2% dos ingresos de explotación, que medraron un 11,9% respecto ó ano anterior. O valor engadido bruto a custo de factores aumenta un 4,2%, polo que a súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación, descende dende o 21% de 1999 ata o 19,5% do 2000.

CADRO 3.2.52.

Complexo silvicultura-madeira 2000: actividades que comprende o grupo

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total
		(en millóns de €)			
Explotación de zonas de madeira	5	4,39	0,89	0,23	2,20
Aserrado e preparación da madeira	122	174,48	33,65	6,72	125,93
Fabricantes de papel, artigos de papel e cartón	25	75,25	15,20	4,72	60,72
Fabr. de chapas, taboleiros, aglomerados e fibras	17	658,03	122,93	69,65	625,77
Fabr. de estruct. de madeira e pezas de carpint.	119	170,26	45,60	9,19	127,68
Fabricantes de mobles	111	149,86	50,44	8,69	102,75
Fabricación doutros produtos de madeira	31	36,74	9,62	1,67	25,83
Fabricación de colchóns	7	13,11	5,62	2,03	11,13
Fabricación de persianas, toldos e visillos	9	13,73	3,43	0,59	10,28
Distribución maiorista de madeiras e chapas	134	463,38	54,15	16,96	297,17
Distribución maiorista de mobles	38	110,97	21,86	5,22	77,93
Distribución maiorista papel imprenta, industr. e uso pers.	9	8,03	1,39	0,21	3,80
Distribución minorista de mobles	162	138,84	26,07	4,56	87,59
Servicios forestais	17	14,74	5,48	1,12	10,81
Total	806	2.031,82	396,34	131,55	1.569,60
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas (%)	6,50	4,89	4,95	5,36	4,93

Fonte: Ardán

CADRO 3.2.53.

Complexo silvicultura-madeira 1999-00: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

Núcleos	1999	2000	00/99
	(en millóns de €)		(%)
Santiago	77,25	80,32	4,0
Vigo	22,75	25,36	11,5
A Coruña	20,54	23,49	14,4
San Cibrao das Viñas	21,80	22,21	1,9
Pontevedra	15,02	16,02	6,7
Lugo	15,16	13,73	-9,5
Cambre	11,33	12,79	12,9
Mos	8,76	11,39	30,1

Fonte: Ardán

CADRO 3.2.54.

Evolución da actividade no complexo silvicultura-madeira 1999-00: ingresos, custos e resultados

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	1.815,89	100	2.031,82	100	11,9
Consumo e outros gastos de explotación	1.435,49	79,05	1.635,48	80,49	13,9
Valor engadido bruto a custo dos factores	380,40	20,95	396,34	19,51	4,2
Gastos de persoal	205,23	11,30	226,89	11,17	10,6
Resultado económico bruto da explotación	175,17	9,65	169,45	8,34	-3,3
Amortizacións	62,71	3,45	69,88	3,44	11,4
Resultado económico neto da explotación	112,46	6,19	99,57	4,90	-11,5
Resultado financeiro	-19,98	-1,10	-14,76	-0,73	26,1
Ingresos financeiros	12,05	0,66	25,61	1,26	112,5
Gastos financeiros	32,03	1,76	40,37	1,99	26,0
Resultado de actividades ordinarias	92,48	5,09	84,81	4,17	-8,3
Resultado de actividades extraordinarias	5,46	0,30	10,53	0,52	93,0
Resultado antes de impostos	97,94	5,39	95,34	4,69	-2,6
Impostos	32,53	1,79	28,79	1,42	-11,5
Resultado neto do exercicio	65,41	3,60	66,56	3,28	1,8
Cash-flow	124,68	6,87	131,55	6,47	5,5

Fonte: Ardán

CADRO 3.2.55.

Evolución do investimento e do financiamento no complexo silvicultura-madeira 1999-00

	1999		2000		00/99
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Activo total	1.399,50	100	1.569,60	100	12,2
Activo fixo (neto)	642,31	45,90	704,22	44,87	9,6
Gastos amortizables	5,42	0,39	6,24	0,40	15,1
Inmovilizado inmaterial	32,98	2,36	39,35	2,51	19,3
Inmovilizado material	404,96	28,94	432,28	27,54	6,7
Outro inmovilizado	198,85	14,21	226,23	14,41	13,8
Outro activo fixo	0,10	0,01	0,11	0,01	15,2
Circulante neto	757,18	54,10	865,38	55,13	14,3
Existencias	300,48	21,47	353,81	22,54	17,7
Debedores	383,87	27,43	432,45	27,55	12,7
Tesorería	50,06	3,58	46,04	2,93	-8,0
Outro activo circulante	22,78	1,63	33,07	2,11	45,2
Fontes de financiamento	1.399,50	100,00	1.569,60	100,00	12,2
Financiamento permanente	739,92	52,87	823,35	52,46	11,3
Fondos propios	529,70	37,85	594,11	37,85	12,2
Recursos alleos l/p	190,25	13,59	202,39	12,89	6,4
Ingresos distribuídos en varios exercicios	19,98	1,43	26,85	1,71	34,4
Acreedores a curto prazo	659,58	47,13	746,25	47,54	13,1
Fondo de rotación	97,61	6,97	119,13	7,59	22,0

Fonte: Ardán

3.

CADRO 3.2.56.

Complexo silvicultura-madeira 1999-00: estudo económico-financeiro

Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)											
2000	7,34	8,26	22,92	26,00	16,85	17,90	3,12	3,08	1,39	1,01	3,48	3,40
1999	9,58	10,90	22,60	26,32	16,09	17,88	3,00	3,16	1,24	0,94	3,40	3,44

Rendibilidade e magnitudes asociadas

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
	(%)				(%)				(%)			
2000	6,08	6,15	3,49	3,38	1,75	1,84	13,50	15,97	2,95	2,34	2,53	2,49
1999	6,18	6,33	3,33	3,40	1,75	1,85	15,15	17,99	2,74	2,19	2,68	2,59

Fonte: Ardán

Asemade hai que salienta-la mellora dos resultados financeiros, que pasan de -20 millóns de euros de 1999 ós -14,8 millóns de euros do 2000. Os gastos financeiros medran un 26,1% no ano 2000 respecto ó ano anterior (o seu peso relativo pasa do 1,8% ó 2% do ano 2000), en tanto que os ingresos financeiros o fan nun 112,5% (o peso relativo é do 1,3% fronte ó 0,7% do ano anterior).

En relación ó estudio do **balance agregado** das empresas deste sector, o **cadro 3.2.55.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 13,8% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 119,1 millóns de euros, un 22% superior ó existente o ano anterior. O 86,2% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 52,5% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 12,2% respecto ó ano anterior, supoñen o 37,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 6,4%, cun peso relativo do 12,9% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.569,6 millóns de euros, un 12,2% superior ó valor de 1999, dos que 704,2 millóns corresponden ó activo fixo neto (un 9,6% superior ó do ano anterior). Os 865,4 millóns de euros restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 14,3% en relación a 1999.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, o **cadro 3.2.56.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un aumento respecto ós ingresos do VEB e dos gastos de persoal e unha subida da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 1 punto inferior, que no caso da evolución do VEB sobre os ingresos ascende a 3,1 puntos porcentuais.

O devandito **cadro 3.2.56.** amosa que as rendibilidades económica e financeira antes de impostos presentan no 2000 un descenso respecto á de 1999. Neste período de tempo prodúcese unha medra do custo neto da débeda e unha caída do coeficiente de endebedamento. ■

